Regulamento do Parlamento de Galicia(*)

(*) Texto consolidado:

BOPG núm. 150, do 1 de setembro de 1983. DOG núm. 4, do 7 de xaneiro de 1984.

BOPG núm. 435, do 29 de xullo de 1993. DOG núm. 182, do 21 de setembro de 1993.

BOPG núm. 131, do 7 de outubro de 1994. DOG núm. 3, do 4 de xaneiro de 1995.

BOPG núm. 742, fasc. 2.º, do 3 de agosto de 2012. DOG núm. 155, do 14 de agosto de 2012.

Este texto carece de carácter oficial e, desde o punto de vista lingüístico, está adaptado aos cambios ortográficos que derivan da reforma normativa do galego de 2003.

Índice xeral

REGULAMENTO DO PARLAMENTO

	Art.	Páx.
TÍTULO PRELIMINAR		
DOS IDIOMAS OFICIAIS NO PARLAMENTO DE GALICIA	1	
TÍTULO I		
DA SESIÓN CONSTITUTIVA DO PARLAMENTO DE GALICIA	2-6	
TÍTULO II		
DO ESTATUTO DOS DEPUTADOS	7-21	
DISPOSICIÓN XERAL	7	
CAPÍTULO I		
DOS DEREITOS DOS DEPUTADOS	8-11	
CAPÍTULO II		
DOS DEBERES DOS DEPUTADOS	12-16	
CAPÍTULO III		
DAS PRERROGATIVAS PARLAMENTARIAS	17-19	
CAPÍTULO IV		
DA SUSPENSIÓN E PERDA DA CONDICIÓN DE DEPUTADO	20-21	
TÍTULO III		
DOS GRUPOS PARLAMENTARIOS	22-28	
TÍTULO IV		
DA ORGANIZACIÓN DO PARLAMENTO	29-66	
CAPÍTULO I		
DA MESA	29-37	
Sección 1.ª		

— Das funcións da Mesa e dos seus membros 29-34
Sección 2.ª
— Da elección dos membros da Mesa 35-37

CAPÍTULO II
DA XUNTA DE PORTAVOCES 38-39

CAPÍTULO III
DAS COMISIÓNS 40-52
Sección 1.ª
— Das comisións en xeral 40-44
Sección 2.ª
— Das comisións permanentes 45-49
Sección 3.ª
— Das comisións non permanentes 50-52

CAPÍTULO IV
DO PLENO 53-54

CAPÍTULO V
DA DEPUTACIÓN PERMANENTE 55-59

CAPÍTULO VI
DOS SERVIZOS DO PARLAMENTO 60-66

TÍTULO V
DAS DISPOSICIÓNS XERAIS DE FUNCIONAMENTO 67-109

CAPÍTULO I
DAS SESIÓNS 67-71

CAPÍTULO II
DA ORDE DO DÍA 72-73

CAPÍTULO III
DOS DEBATES 74-82

CAPÍTULO IV
DAS VOTACIÓNS 83-94

CAPÍTULO V
DO CÓMPUTO DOS PRAZOS E DA PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS 95-97

CAPÍTULO VI
DA DECLARACIÓN DE URXENCIA 98-99

CAPÍTULO VII
DA DISCIPLINA PARLAMENTARIA 100-109
Sección 1.ª
— Das sancións polo incumprimento dos deberes dos deputados 100-103
Sección 2.ª
— Das chamadas á cuestión e á orde 104-106
Sección 3.ª
— Da orde dentro do recinto parlamentario 107-109

TÍTULO VI
DO PROCEDEMENTO LEXISLATIVO 110-134

CAPÍTULO I
DA INICIATIVA LEXISLATIVA 110

CAPÍTULO II
DO PROCEDEMENTO LEXISLATIVO COMÚN 111-125
Sección 1.ª
— Dos proxectos de lei 111-121
Sección 2.ª
— Das proposicións de lei 122-124
Sección 3.ª
— De retirada de proxectos e proposicións de lei 125

CAPÍTULO III

DAS ESPECIALIDADES NO PROCEDEMENTO LEXISLATIVO 126-134
Sección 1.ª
— Dos proxectos e das proposicións de lei de desenvolvemento básico do Estatuto de Galicia 126-127
Sección 2.ª
— Da reforma do Estatuto de Galicia 128
Sección 3.ª
— Do Proxecto de lei de orzamentos 129-131
Sección 4.ª
— Da competencia lexislativa plena das comisións 132-133
Sección 5.ª
— Da tramitación dun proxecto de lei en lectura única 134

TÍTULO VII
DA INVESTIDURA, DA MOCIÓN DE CENSURA E DA CUESTIÓN DE CONFIANZA 135-139

CAPÍTULO I
DA INVESTIDURA 135-136

CAPÍTULO II
DA MOCIÓN DE CENSURA 137-138

CAPÍTULO III
DA CUESTIÓN DE CONFIANZA 139

TÍTULO VIII
DO EXAME E DEBATE DE COMUNICACIÓNS, PROGRAMAS OU PLANS DA XUNTA DE GALICIA E OUTROS INFORMES 140-144

CAPÍTULO I
DAS COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA 140-141

CAPÍTULO II
DO EXAME DOS PROGRAMAS E PLANS REMITIDOS POLA XUNTA DE GALICIA 142

CAPÍTULO III
DAS INFORMACIÓNS DA XUNTA 143-144

TÍTULO IX
DO CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI 145-146

TÍTULO X
DAS INTERPELACIÓNS E PREGUNTAS 147-159

CAPÍTULO I
DAS INTERPELACIÓNS 147-151

CAPÍTULO II
DAS PREGUNTAS 152-157

CAPÍTULO III
NORMAS COMÚNS 158-159

TÍTULO XI
DAS PROPOSICIÓNS NON DE LEI 160-162

TÍTULO XII
PROCEDEMENTOS LEXISLATIVOS ESPECIAIS 163

TÍTULO XIII
DOS RECURSOS DE INCONSTITUCIONALIDADE E DOS CONFLITOS DE COMPETENCIA 164

TÍTULO XIV
DA DESIGNACIÓN DOS SENADORES E DO NOMEAMENTO DO DEFENSOR DO POBO 165-166

DISPOSICIÓNS TRANSITORIAS

DISPOSICIÓNS DERRADEIRAS

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Regulamento do Parlamento de Galicia

Título preliminar
Dos idiomas oficiais do Parlamento de Galicia

Artigo 1

1.- O galego e o castelán serán as linguas oficiais do Parlamento de Galicia.
2.- Os deputados poderán facer uso, indistintamente, de ambos os idiomas.
3.- As publicacións oficiais do Parlamento de Galicia serán bilingües.

Título I
Da sesión constitutiva do Parlamento de Galicia

Artigo 2

1.- Celebradas as eleccións ao Parlamento galego e proclamados os resultados en todas as circunscricións electorais, a Xunta de Galicia publicará o decreto da sesión constitutiva, conforme o que dispoña unha lei do Parlamento.

2.- A sesión constitutiva terá lugar na data que, dentro do prazo dun mes, a partir do día de celebración das eleccións, determine o decreto de convocatoria.

Artigo 3

A sesión constitutiva será presidida inicialmente polo deputado electo de maior idade dos presentes, asistido, en calidade de secretarios, polos dous deputados máis novos.

Artigo 4

1.- O presidente declarará aberta a sesión e un dos secretarios dará lectura ao decreto de convocatoria, á relación de deputados electos e aos recursos contencioso-electorais interpostos, con indicación dos deputados electos que puidesen quedar afectados pola resolución deles.

2.- O Pleno procederá seguidamente á elección da Mesa do Parlamento de Galicia, de acordo co procedemento previsto no artigo 36 deste Regulamento.

Artigo 5

1.- Concluídas as votacións, os elixidos ocuparán os seus postos. O presidente electo prestará e solicitará dos demais deputados o xuramento ou a promesa de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de Galicia, para o cal serán chamados por orde alfabética. Rematado o chamamento, o presidente declarará constituído o Parlamento, e a seguir levantará a sesión.

2.- A constitución do Parlamento será comunicada polo seu presidente a el-rei, ao Senado, ao presidente do Goberno e ao presidente en funcións da Xunta de Galicia.

Artigo 6

Dentro do prazo dos quince días seguintes á celebración da sesión constitutiva, terá lugar a solemne sesión de apertura da lexislatura.

Título II
Do estatuto dos deputados

Disposición xeral

Artigo 7

1.- O deputado proclamado electo adquirirá a condición plena de deputado polo cumprimento conxunto dos seguintes requisitos:

1.- Presentar na Oficialía Maior a credencial expedida polo correspondente órgano da Administración electoral.

2.- Cubrir a súa declaración para efectos do exame de incompatibilidades, reflectindo os datos relativos a profesión e cargos públicos que desempeñe.

3.- Prestar na primeira sesión do Pleno á que asista a promesa ou o xuramento de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de Galicia.

2.- Os dereitos e as prerrogativas serán efectivos desde o momento mesmo no que o deputado sexa proclamado electo. Con todo, celebradas tres sesións plenarias sen que o deputado adquira a condición plena de tal, non terá dereitos regulamentarios ata que esta adquisición se produza.

Capítulo I
Dos dereitos dos deputados

Artigo 8

1.- Os deputados terán o dereito de asistir con voz e voto ás sesións do Pleno do Parlamento e ás das comisións das que formen parte. Poderán asistir igualmente, nas condicións establecidas neste Regulamento, ás sesións das comisións das que non formen parte.

2.- Os deputados terán dereito a formar parte, polo menos, dunha Comisión e a exercer as facultades e desempeñar as funcións que este Regulamento lles atribúe.

Artigo 9

1.- Para o mellor cumprimento das súas funcións parlamentarias, os deputados, logo de coñecemento do respectivo grupo parlamentario, terán a facultade de solicitar das administracións públicas os datos, informes ou documentos que consten en poder destas.

2.- A solicitude dirixirase, en todo caso, por conduto da Presidencia do Parlamento, e a administración requirida deberá facilitar a documentación solicitada ou manifestarlle ao presidente do Parlamento, en prazo non superior a trinta días e para o seu máis conveniente traslado ao solicitante, as razóns fundadas en dereito que o impidan.

3.- Os deputados teñen dereito tamén a recibir directamente ou a través do seu grupo parlamentario a información e documentación necesaria para o desenvolvemento das súas tarefas. Os servizos xerais da Cámara teñen a obriga de facilitárllela.

Artigo 10

1.- Os deputados percibirán unha asignación económica que lles permita cumprir eficaz e dignamente a súa función.

2.- Terán igualmente dereito ás indemnizacións e axudas de custo por gastos que sexan indispensables para o cumprimento da súa función.

3.- A Mesa do Parlamento de Galicia fixará cada ano a contía das percepcións dos deputados e as súas modalidades dentro das correspondentes consignacións orzamentarias.

Artigo 11

1.- Correrá a cargo do orzamento do Parlamento o aboamento das cotizacións á Seguridade Social e ás mutualidades daqueles deputados que, como consecuencia da súa dedicación parlamentaria, deixen de prestar o servizo que motivaba a súa afiliación ou pertenza a aquelas.

2.- O Parlamento de Galicia poderá realizar coas entidades xestoras da Seguridade Social os concertos precisos para cumprir o disposto no apartado anterior e para afiliar, no réxime que proceda, os deputados que así o desexen e que con anterioridade non estivesen dados de alta na Seguridade Social.

3.- O establecido no apartado 1 estenderase, no caso dos funcionarios públicos que pola súa dedicación parlamentaria estean en situación de excedencia, ás cotas das clases pasivas.

Capítulo II
Dos deberes dos deputados

Artigo 12

Os deputados terán o deber de asistir ás sesións do Pleno do Parlamento e das comisións das que formen parte.

Artigo 13

Os deputados están obrigados a axeitar a súa conduta ao Regulamento e a respectar a orde, a cortesía e a disciplina parlamentarias, así como a non divulgar as actuacións que, segundo o disposto naquel, poidan ter excepcionalmente o carácter de secretas.

Artigo 14

Os deputados non poderán invocar ou facer uso da súa condición de parlamentarios para o exercicio de actividade mercantil, industrial ou profesional.

Artigo 15

1.- Os deputados estarán obrigados a efectuar declaración notarial dos seus bens patrimoniais e daquelas actividades que lles proporcionen ou poidan proporcionar ingresos económicos.

2.- A declaración deberá formularse inicialmente como requisito para a adquisición da condición plena de deputado e así mesmo no prazo dos trinta días naturais seguintes á perda da dita condición. Para tales efectos a Cámara establecerá un modelo de declaración ao que necesariamente se axustará aquela.

3.- As declaracións sobre actividades e bens inscribiranse no Rexistro de Intereses constituído na Cámara baixo a dependencia directa do presidente, e ao seu contido poderá accederse logo de autorización deste, oída a Mesa da Cámara, e logo de solicitude debidamente xustificada, con excepción do referido aos bens patrimoniais, que en ningún caso estarán máis ca á disposición da Comisión do Estatuto dos Deputados.

Tamén se inscribirán neste Rexistro as resolucións do Pleno en materia de incompatibilidades e cantos outros datos sobre actividades dos deputados sexan remitidos pola Comisión do Estatuto dos Deputados e non consten previamente nel.

Artigo 16

1.- Os deputados deberán observar en todo momento as normas sobre incompatibilidades establecidas na Constitución, no Estatuto e nas leis.

2.- A Comisión do Estatuto dos Deputados elevaralle ao Pleno as súas propostas sobre a situación de incompatibilidade de cada deputado no prazo dos vinte días seguintes, contados a partir da plena asunción por el da condición de deputado ou da comunicación, que obrigatoriamente deberá realizar, de calquera alteración na declaración formulada para efectos de incompatibilidades. Para estes fins, remitiránselle desde o Rexistro de Intereses á Comisión do Estatuto dos Deputados a copia das declaracións de actividades e as súas modificacións.

3.- Declarada e notificada a incompatibilidade, o deputado incurso nela terá oito días para optar entre o escano e o cargo incompatible. Se non exercitar a opción no prazo sinalado, entenderase que renuncia ao seu escano.

4.- Todo membro do Parlamento que se ocupe directamente, no marco da súa profesión ou no dunha actividade remunerada, dunha cuestión que é obxecto de debate no Pleno dunha Comisión manifestarao con anterioridade.

Capítulo III
Das prerrogativas parlamentarias

Artigo 17

Os deputados gozarán de inviolabilidade, aínda despois de cesaren no seu mandato, polos votos emitidos e polas opinións manifestadas no exercicio das súas funcións.

Artigo 18

Os deputados, durante o seu mandato, non poderán ser detidos nin retidos polos actos delituosos cometidos no territorio de Galicia, senón en caso de flagrante delito, correspondéndolle decidir, en todo caso, sobre a súa inculpación, prisión, procesamento e xuízo ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Fóra deste territorio, a responsabilidade penal será esixible, nos mesmos termos, ante a Sala do Penal do Tribunal Supremo.

Artigo 19

O presidente do Parlamento, unha vez coñecida a detención ou retención dun deputado, ou calquera outra actuación xudicial ou gobernativa que obstaculizar o exercicio da súa función parlamentaria, adoptará, de inmediato, cantas medidas coide convenientes, co fin de salvagardar os dereitos e as prerrogativas da Cámara e mais dos seus membros.

Capítulo IV
Da suspensión e perda da condición de deputado

Artigo 20

O deputado quedará suspendido nos seus dereitos e deberes parlamentarios:

1.º Nos casos nos que, conforme este Regulamento, así proceda.

2.º Cando unha sentenza firme condenatoria así o impoña ou cando o seu cumprimento implique a imposibilidade de exercer a función parlamentaria.

Artigo 21

O deputado perderá a súa condición de tal polas seguintes causas:

1.ª Por decisión xudicial firme que anule a elección ou proclamación do deputado.

2.ª Por falecemento ou incapacitación do deputado, declarada esta por decisión xudicial firme.

3.ª Por extinción do mandato ao transcorrer o seu prazo ou disolverse a Cámara, sen prexuízo da prórroga nas súas funcións dos membros, titulares e suplentes, da Deputación Permanente, ata a constitución da nova Cámara.

4.ª Por renuncia expresa do deputado, perante a Mesa do Parlamento ou, en caso de imposibilidade física, perante notario, que lle remitirá o correspondente testemuño á Mesa.

Título III
Dos grupos parlamentarios

Artigo 22

1.- Os grupos parlamentarios deberán constar, polo menos, de cinco deputados. Cada deputado non poderá formar parte máis ca dun só grupo parlamentario.

2.- Non poden constituír grupo parlamentario separado deputados que pertenzan a un mesmo partido ou coalición electoral, agás a excepción prevista no apartado 3 do artigo 26 deste Regulamento.

Artigo 23

1.- A constitución inicial de grupos parlamentarios farase dentro dos cinco días seguintes á sesión constitutiva do Parlamento mediante escrito dirixido á Mesa da Cámara.

2.- No devandito escrito, que irá asinado por todos os que desexen constituír o grupo, deberá constar a denominación deste e os nomes de todos os membros, do seu portavoz e dos deputados que eventualmente poidan substituílo.

3.- Os deputados que non sexan membros de ningún dos grupos parlamentarios constituídos poderán asociarse a algún deles, mediante solicitude que, aceptada polo portavoz do grupo ao que se pretende asociar, se dirixa á Mesa da Cámara dentro do prazo sinalado no apartado 1 precedente.

4.- Os asociados computaranse para a determinación dos mínimos que se establecen no artigo precedente, así como para fixar o número de deputados de cada grupo nas distintas comisións.

Artigo 24

Os deputados que, conforme o establecido nos artigos precedentes, non quedasen integrados nun grupo parlamentario nos prazos sinalados quedarán necesariamente incorporados ao Grupo Mixto polo vixente período de sesións.

Artigo 25

Os deputados que adquiran a súa condición con posterioridade á sesión constitutiva do Parlamento de Galicia deberán incorporarse a un grupo parlamentario dentro dos cinco días seguintes a esta adquisición. Para que se poida producir a incorporación, deberá constar a

aceptación do portavoz do grupo parlamentario correspondente. En caso contrario, quedará incorporado ao Grupo Parlamentario Mixto, nos mesmos termos establecidos no artigo anterior.

Artigo 26

1.- Unha vez producida a adscrición a un grupo parlamentario no tempo e na forma previstos no artigo anterior, o deputado que o abandonase terá que se encadrar necesariamente no Grupo Mixto durante o vixente período de sesións.

2.- Cando os compoñentes dun grupo parlamentario distinto do Mixto se reduzan durante o transcurso da lexislatura a un número inferior á metade do mínimo esixido para a súa constitución, o grupo quedará disolto e os seus membros pasarán automaticamente a formar parte daquel, nos mesmos termos prescritos no apartado que antecede.

3.- Iniciado un novo período de sesións, os deputados poderán incorporarse ao grupo parlamentario que desexen dos constituídos, e só para o suposto de que por calquera circunstancia se extinguise ou rematase a actividade do partido ou coalición electoral polo que concorresen poderán constituír, por unha soa vez, grupo ou grupos parlamentarios distintos se para iso cumpren as esixencias previstas neste Regulamento.

Artigo 27

1.- O Parlamento poñerá á disposición dos grupos parlamentarios locais e medios materiais suficientes e asignaralles, con cargo ao seu orzamento, unha subvención fixa idéntica para todos e outra variable en función do número de deputados de cada un deles. As contías fixaraas a Mesa da Cámara dentro dos límites da correspondente consignación orzamentaria.

2.- Os grupos parlamentarios levarán unha contabilidade específica da subvención á que se refire o apartado anterior, que poñerán á disposición da Mesa do Parlamento de Galicia sempre que esta o pida.

Artigo 28

Todos os grupos parlamentarios, coas especificacións previstas no presente Regulamento, gozan de idénticos dereitos.

Título IV
Da organización do Parlamento

Capítulo I
Da Mesa

Sección 1.ª
Das funcións da Mesa e dos seus membros

Artigo 29

1.- A Mesa é o órgano reitor da Cámara e desempeña a representación colexiada desta nos actos a que asista.

2.- A Mesa estará composta polo presidente do Parlamento, dous vicepresidentes, un secretario e un vicesecretario.

Entenderase validamente constituída cando estean presentes, polo menos, tres dos seus membros.

3.- O presidente dirixe e coordina a acción da Mesa.

Artigo 30

1.- Correspóndenlle á Mesa as seguintes funcións:

1.ª Interpretar e suplir o Regulamento, se é o caso, nos supostos de dúbida ou omisión.

2.ª Adoptar cantas decisións e medidas requiran a organización do traballo e o réxime e goberno interiores da Cámara.

3.ª Elaborar o proxecto de orzamentos do Parlamento de Galicia e proceder á súa execución unha vez aprobados.

4.ª Aprobar os gastos da Cámara, sen prexuízo das delegacións que poida acordar.

5.ª Cualificar, consonte o Regulamento, os escritos e documentos de índole parlamentaria, así como declarar a admisibilidade ou inadmisibilidade destes.

6.ª Decidir a tramitación de todos os escritos e documentos de índole parlamentaria, de acordo coas normas establecidas neste Regulamento. Tanto se a resolución fose tramitar o escrito no seo da propia Cámara ou dirixilo a outras institucións como se se resolvese o seu arquivo, darase conta da decisión adoptada ao peticionario ou peticionarios.

7.ª Programar as liñas xerais de actuación da Cámara, fixar o calendario de actividades do Pleno e das comisións para cada período de sesións e coordinar os traballos dos seus distintos órganos, todo isto logo de audiencia da Xunta de Portavoces.

8.ª Calquera outra que lle encomende o presente Regulamento e as que non estean atribuídas a un órgano específico.

2.- Se un deputado ou un grupo parlamentario discrepar da decisión adoptada pola Mesa no exercicio das funcións a que se refiren os puntos 5.ª e 6.ª do apartado anterior, poderá solicitar a súa reconsideración. A Mesa decidirá definitivamente, oída a Xunta de Portavoces, mediante resolución motivada.

Artigo 31

1.- O presidente do Parlamento desempeña a representación da Cámara, asegura a boa marcha dos traballos, dirixe os debates, mantén a orde destes e ordena os pagamentos, sen prexuízo das delegacións que poida conferir.

2.- Correspóndelle ao presidente cumprir e facer cumprir o Regulamento e interpretar e suplir este no transcurso dos debates.

3.- O presidente desempeña, así mesmo, todas as demais funcións que lle confiren o Estatuto de Galicia, as demais leis e o presente Regulamento.

Artigo 32

Os vicepresidentes, pola súa orde, substitúen o presidente, exercendo as súas funcións en caso de vacante, ausencia ou imposibilidade deste. Desempeñan, ademais, calquera outra función, prevista neste Regulamento, que lles encomenden o presidente ou a Mesa.

Artigo 33

O secretario e o vicesecretario supervisan e autorizan, co visto e prace do presidente, as actas das sesións plenarias, da Mesa e da Xunta de Portavoces, así como as certificacións que se deban expedir; asisten ao presidente nas sesións para asegurar a orde nos debates e a corrección nas votacións; colaboran para o normal desenvolvemento dos traballos da Cámara segundo as disposicións do presidente; e exercen, ademais, calquera outra función, prevista neste Regulamento, que lles encomenden o presidente ou a Mesa.

Artigo 34

A Mesa reunirase por convocatoria do presidente e estará asesorada polo secretario, que redactará a acta das sesións e coidará, baixo a dirección do presidente, da execución dos acordos.

Sección 2.ª
Da elección dos membros da Mesa

Artigo 35

1.- O Pleno elixirá os membros da Mesa na sesión constitutiva do Parlamento de Galicia.

2.- Procederase a unha nova elección dos membros da Mesa cando as sentenzas recaídas nos recursos contencioso-electorais supuxesen cambio na titularidade de máis do dez por cento dos escanos. A devandita elección terá lugar unha vez que os novos deputados teñan adquirida a plena condición de tales.

Artigo 36

1.- Na elección de presidente cada deputado escribirá só un nome na papeleta. Resultará elixido o que obteña o voto da maioría absoluta dos membros da Cámara. Se ningún obtivese na primeira votación esta maioría, repetirase a elección entre os que acadasen as dúas maiores votacións e resultará elixido o que obteña máis votos.

2.- Os dous vicepresidentes elixiranse simultaneamente. Cada deputado escribirá só un nome na papeleta. Resultarán elixidos, por orde sucesiva, os dous que obteñan maior número de votos. Na mesma forma serán elixidos o secretario e mais o vicesecretario.

3.- Se nalgunha votación se producir empate, celebraranse sucesivas votacións entre os candidatos igualados en votos ata que o empate quede dirimido.

Artigo 37

As vacantes que se produzan na Mesa durante a lexislatura serán cubertas por elección do Pleno na forma establecida no artigo anterior, axeitado nas súas previsións á realidade das vacantes que se teñen que cubrir.

Capítulo II
Da Xunta de Portavoces

Artigo 38

1.- Os portavoces dos grupos parlamentarios constitúen a Xunta de Portavoces, que se reunirá baixo a presidencia do presidente do Parlamento. Este convocaraa por iniciativa propia ou por petición de dous grupos parlamentarios ou da quinta parte dos membros da Cámara.

2.- Das convocatorias da Xunta de Portavoces daráselle conta ao Goberno autonómico de Galicia para que envíe, se o considera oportuno, un representante, que poderá estar acompañado, se é o caso, por persoa que o asista.

3.- Deberán asistir ás reunións da Xunta de Portavoces, polo menos, un vicepresidente, o secretario ou vicesecretario da Cámara e o letrado oficial maior. Os portavoces ou os seus suplentes poderán estar acompañados por un membro do seu grupo que non terá dereito a voto.

4.- As decisións da Xunta de Portavoces adoptaranse sempre en función do criterio de voto ponderado.

Artigo 39

Sen prexuízo das funcións que lle atribúe o presente Regulamento, a Xunta de Portavoces será escoitada para:

Establecer os criterios que contribúan a ordenar e facilitar os debates e as tarefas do Parlamento.

Decidir a Comisión competente para entender nos proxectos ou nas proposicións de lei.

Fixar o número de membros de cada grupo parlamentario que integrarán as comisións.

Establecer o calendario de actividades das comisións.

Asignarlles os escanos no salón de sesións aos diferentes grupos parlamentarios.

Capítulo III
Das comisións

Sección 1.ª
Das comisións en xeral

Artigo 40

1.- As comisións, agás precepto en contrario, estarán formadas polos membros que designen os grupos parlamentarios no número que, respecto de cada un, indique a Mesa do Parlamento, oída a Xunta de Portavoces, e en proporción á importancia numérica daqueles na Cámara. Todos os grupos parlamentarios teñen dereito a contar, como mínimo, cun representante en cada Comisión.

2.- Os grupos parlamentarios poden substituír un ou varios dos seus membros adscritos a unha Comisión, por outro ou outros do mesmo grupo, logo de comunicación por escrito ao presidente do Parlamento. Se a substitución fose só para un determinado asunto, debate ou sesión, a comunicación faráselle verbalmente ou por escrito ao presidente da Comisión, quen admitirá como membro desta, indistintamente, o substituto ou o substituído.

Así mesmo poderán ser eventualmente substituídos o vicepresidente ou o secretario dunha Comisión por outros membros do mesmo grupo parlamentario, comunicándollo así ao presidente da Comisión verbalmente.

3.- Os membros da Xunta de Galicia poderán asistir con voz ás comisións.

Artigo 41

As comisións, coas excepcións previstas neste Regulamento, elixen de entre os seus membros unha Mesa, composta por un presidente, un vicepresidente e mais un secretario. A elección verificarase de acordo co establecido para a elección da Mesa do Parlamento, axeitado ao distinto número de postos que se teñen que cubrir.

Artigo 42

1.- As comisións serán convocadas polo seu presidente, de acordo co do Parlamento, por iniciativa propia ou por petición de dous grupos parlamentarios ou dunha quinta parte dos membros da Comisión.

O presidente do Parlamento poderá convocar e presidir calquera Comisión, aínda que só terá voto naquelas das que forme parte.

2.- As comisións entenderanse validamente constituídas en sesión plenaria cando estean presentes a metade máis un dos seus membros.

Artigo 43

1.- As comisións coñecerán dos proxectos, proposicións ou asuntos que lles encomende, de acordo coa súa respectiva competencia, a Mesa do Parlamento.

2.- A Mesa do Parlamento, pola súa propia iniciativa ou por petición dunha Comisión interesada, poderá acordar que, sobre unha cuestión que sexa competencia principal dunha Comisión, informe previamente outra ou outras comisións.

3.- As comisións deberán concluír a tramitación de calquera asunto nun prazo máximo de dous meses, agás naqueles casos nos que este Regulamento impoña un prazo distinto ou a Mesa da Cámara, atendidas as circunstancias excepcionais que poidan concorrer, acorde amplialo ou reducilo.

4.- As comisións poden reunirse no período de vacacións parlamentarias, mais, neste lapso, non poderán actuar con capacidade lexislativa plena.

Artigo 44

1.- A través do presidente do Parlamento, as comisións poden:

1.º Pedir a información e documentación que necesiten das institucións autonómicas e mais dos entes públicos de Galicia. Así mesmo pódenlles solicitar información e documentación ás autoridades do Estado respecto daquelas competencias atribuídas á Xunta de Galicia das cales non estean aínda transferidos os servizos. As autoridades requiridas, nun termo non superior aos trinta días, facilitarán o que se lles pedise ou ben manifestaranlle ao presidente do Parlamento as razóns polas que non poden facelo, para que llo comunique á Comisión solicitante.

2.º Requirir a presenza dos membros da Xunta de Galicia competentes por razón da materia que se debata, para informaren sobre todas as cuestións das que sexan consultados.

3.º Solicitar a presenza de funcionarios, autoridades e particulares.

2.- Se os funcionarios ou as autoridades non compareceren e non o xustificaren no prazo establecido pola Comisión, ou non se responder á petición de información requirida no período indicado no apartado anterior, o presidente do Parlamento comunicarallo á autoridade ou ao funcionario superior correspondente por se for procedente esixirlles algunha responsabilidade.

Sección 2.ª
Das comisións permanentes

Artigo 45

1.- Son comisións permanentes lexislativas as seguintes:

1.ª Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior.

2.ª Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos.

3.ª Economía, Facenda e Orzamentos.

4.ª Educación e Cultura.

5.ª Sanidade, Política Social e Emprego.

6.ª Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.

7.ª Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes.

8.ª Pesca e Marisqueo.

2.- Son tamén comisións permanentes aquelas que deban constituírse por disposición legal e mais as seguintes:

1.ª Regulamento.

2.ª Estatuto dos Deputados.

3.ª Peticións.

3.- As comisións permanentes a que se refiren os apartados anteriores deberán constituírse dentro dos dez días seguintes á sesión constitutiva do Parlamento de Galicia.

Artigo 46

A Comisión de Regulamento estará formada polo presidente da Cámara, que a presidirá, polos demais membros da Mesa do Parlamento de Galicia e mais polos deputados que designen os grupos parlamentarios, de acordo co disposto no artigo 40 deste Regulamento.

Artigo 47

1.- A Comisión do Estatuto dos Deputados estará composta por un membro de cada un dos grupos parlamentarios. Terá un presidente, un vicepresidente e un secretario, e adoptará as súas resolucións mediante o voto ponderado de cada un dos seus membros.

2.- A Comisión actuará como órgano preparatorio das resolucións do Pleno cando este, de acordo co Regulamento, deba pronunciarse en asuntos que afecten ao estatuto dos deputados, agás no caso de que a proposta lle corresponda á Presidencia ou á Mesa do Parlamento de Galicia.

A Comisión elevaralle ao Pleno, debidamente articuladas, as propostas que no seu seo estiveren formalizadas.

Artigo 48

1.- A Comisión de Peticións estará formada pola Mesa do Parlamento máis un deputado de cada grupo parlamentario e adoptará as decisións polo sistema de voto ponderado.

2.- A Comisión examinará cada petición, individual ou colectiva, que reciba o Parlamento de Galicia e poderá acordar a súa remisión, segundo proceda, por conduto do presidente da Cámara:

1.º Ao Defensor do Pobo.

2.º Á Comisión do Parlamento que estiver coñecendo ou puider coñecer o asunto de que se trate.

3.º Ás Cortes, ao Goberno, aos tribunais, ao Ministerio Fiscal ou á Comunidade Autónoma, Deputación ou Concello ao que corresponda.

3.- A Comisión tamén poderá acordar, se non proceder a remisión a que se refire o apartado anterior, o arquivo da petición sen máis trámites.

4.- En todo caso, acusarase recibo da petición e comunicaráselle ao peticionario o acordo adoptado.

Artigo 49

1.- O Pleno da Cámara, por proposta da Mesa, oída a Xunta de Portavoces, poderá acordar a creación doutras comisións que teñan carácter permanente durante a lexislatura na que o acordo se adopte.

2.- O acordo de creación fixará o criterio de distribución de competencias entre a Comisión creada e as que, se é o caso, poidan resultar afectadas.

3.- Polo mesmo procedemento sinalado no apartado 1 poderá acordarse a disolución das comisións a que este artigo se refire.

Sección 3.ª
Das comisións non permanentes

Artigo 50

Son comisións non permanentes as que se crean para unha función especial ou un traballo concreto. Extínguense ao finalizar o seu obxecto e, en todo caso, ao concluír a lexislatura. Poden ser especiais ou de investigación, e os seus acordos, resolucións ou propostas adoptaranse mediante o voto ponderado, incluída a elección da correspondente Mesa, salvo cando a representación de cada grupo parlamentario na Comisión garde a proporcionalidade existente no Pleno.

Artigo 51

A creación de comisións especiais e o seu eventual carácter mixto ou conxunto respecto doutras xa existentes poderá acordala a Mesa do Parlamento por iniciativa propia, de dous grupos parlamentarios ou da quinta parte dos deputados membros da Cámara, e logo de audiencia da Xunta de Portavoces.

Artigo 52

1.- O Pleno do Parlamento de Galicia, por proposta da Xunta, da Mesa, de dous grupos parlamentarios ou da quinta parte dos deputados membros da Cámara, poderá acordar a creación dunha Comisión de investigación sobre calquera asunto de interese público.

2.- As comisións de investigación elaborarán un plan de traballo e poderán nomear ponencias no seu seo e requirir a presenza, por conduto da Presidencia do Parlamento de Galicia, de calquera persoa para ser oída. Os extremos sobre os que deba informar a persoa requirida deberán serlle comunicados cunha antelación mínima de cinco días. Os comparecentes serán advertidos dos seus dereitos así como da posibilidade de acudir asistidos de letrado.

3.- A Presidencia da Cámara, oída a Comisión, poderá, se é o caso, ditar as oportunas normas de procedemento.

4.- As conclusións destas comisións deberán plasmarse nun ditame que será discutido no Pleno da Cámara. O presidente do Parlamento, oída a Mesa e a Xunta de Portavoces, está facultado para ordenar o debate, conceder a palabra e fixar os tempos das intervencións.

5.- As conclusións aprobadas polo Pleno da Cámara serán publicadas no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e comunicadas á Xunta de Galicia, sen prexuízo de que a Mesa do Parlamento lle dea traslado delas ao Ministerio Fiscal para o exercicio, cando proceda, das accións oportunas.

6.- Por petición do grupo parlamentario propoñente publicaranse tamén no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* os votos particulares rexeitados.

Capítulo IV
Do Pleno

Artigo 53

O Pleno do Parlamento de Galicia será convocado polo seu presidente, por propia iniciativa ou por solicitude, polo menos, de dous grupos parlamentarios ou da quinta parte dos deputados membros da Cámara.

Artigo 54

1.- Os deputados tomarán asento no salón de sesións conforme a súa adscrición a grupos parlamentarios.

2.- Haberá no salón de sesións un banco especial destinado aos membros da Xunta de Galicia.

3.- Só terán acceso ao salón de sesións, ademais das persoas indicadas, os funcionarios do Parlamento de Galicia no exercicio do seu cargo e quen estea expresamente autorizado polo presidente.

Capítulo V
Da Deputación Permanente

Artigo 55

1.- A Deputación Permanente velará polos poderes da Cámara cando estea expirado o mandato parlamentario, cando o Parlamento estea disolto ou non estea reunido por vacacións ou por calquera causa de forza maior que impida reunir o Pleno. Especialmente:

1.º Coñecerá a delegación temporal das funcións executivas do presidente da Xunta de Galicia nun dos conselleiros.

2.º Exercerá o control da lexislación delegada.

3.º Entenderá en todo o que atinxe á inviolabilidade parlamentaria.

4.º Convocará o Parlamento por acordo da maioría absoluta dos membros da Deputación Permanente.

5.º Poderá autorizar orzamentos extraordinarios, suplementos de créditos e créditos extraordinarios, por petición da Xunta de Galicia, por razón de urxencia e de necesidade xustificada, sempre que así o acordar a maioría absoluta dos seus membros.

6.º Poderá tamén autorizar ampliacións ou transferencias de crédito, cando o esixan a conservación da orde, unha calamidade pública ou unha necesidade financeira urxente doutra natureza, de acordo coa maioría absoluta dos seus membros.

2.- A Deputación Permanente debe cumprir calquera outra función que lle encomende o Regulamento do Parlamento.

Artigo 56

1.- A Deputación Permanente estará presidida polo presidente do Parlamento de Galicia. Formarán parte dela un mínimo de once membros, que representarán aos grupos parlamentarios en proporción á súa importancia numérica.

2.- A fixación do número de membros farase conforme o establecido no apartado 1 do artigo 40. Cada grupo parlamentario designará o número de deputados titulares que lle correspondan e outros tantos en concepto de suplentes.

3.- A Deputación elixirá de entre os seus membros un vicepresidente e un secretario, de acordo co establecido para a elección da Mesa do Parlamento de Galicia, axeitado ao distinto número de postos que se teñen que cubrir.

4.- A Deputación Permanente será convocada polo presidente, por iniciativa propia ou por petición de dous grupos parlamentarios ou dunha quinta parte dos membros daquela.

Artigo 57

1.- En calquera caso, a Deputación Permanente daralle conta ao Pleno do Parlamento dos asuntos e das decisións tratados na primeira sesión ordinaria.

2.- Ao se constituír o Parlamento, dentro do prazo de quince días seguintes á súa primeira reunión, os deputados e os grupos parlamentarios poderán formular obxeccións contra a vixencia dos acordos que adoptase a Deputación Permanente.

3.- Se durante este prazo se formularen obxeccións a través de escrito dirixido á Mesa do Parlamento, esta enviarallas á Comisión competente, que haberá de emitir un ditame no prazo que se sinale. O ditame será debatido no Pleno do Parlamento segundo as normas xerais de procedemento lexislativo; para este efecto, cada observación considerarase como unha emenda.

Artigo 58

Seralles aplicable ás sesións da Deputación Permanente e ao seu funcionamento o establecido para o Pleno no presente Regulamento.

Artigo 59

Despois da celebración de eleccións ao Parlamento de Galicia, a Deputación Permanente daralle conta ao Pleno del, unha vez constituído este, dos asuntos que tratase e das decisións adoptadas.

Capítulo VI
Dos servizos do Parlamento

Artigo 60

1.- O Parlamento de Galicia dispoñerá dos medios persoais e materiais necesarios para o desenvolvemento das súas funcións, especialmente de servizos técnicos, de documentación e de asesoramento.

2.- A relación de postos de traballo e a determinación de funcións correspondentes a cada un deles faraas a Mesa do Parlamento.

3.- Estes postos cubriranse conforme o disposto nas leis que lles sexan aplicables.

Artigo 61

O Parlamento contará cunha biblioteca, e o orzamento da Cámara dedicará anualmente unha asignación para ela.

Artigo 62

1.- O letrado oficial maior do Parlamento, baixo a dirección do presidente e da Mesa, é o xefe superior de todo o persoal e de todos os servizos do Parlamento e cumpre as funcións técnicas e de asesoramento dos órganos reitores deste, asistido dos letrados do Parlamento adscritos á Oficialía Maior.

2.- O letrado oficial maior é nomeado pola Mesa do Parlamento, de entre os letrados deste.

Artigo 63

As publicacións oficiais do Parlamento de Galicia son as seguintes:

1.ª O *Diario de Sesións do Parlamento de Galicia*.

2.ª O *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Artigo 64

1.- No *Diario de Sesións* reproduciranse integramente, deixando constancia dos incidentes producidos, todas as intervencións e acordos adoptados en sesións do Pleno, da Deputación Permanente e, se é o caso, das comisións que non teñan carácter secreto.

2.- Das sesións secretas levantarase acta taquigráfica, o único exemplar da cal custodiarase na Presidencia. Este exemplar poderá ser consultado polos deputados. Os acordos adoptados publicaranse no *Diario de Sesións*, a non ser que o órgano parlamentario decida o carácter reservado deles e sen prexuízo do disposto nos apartados 5 e 6 do artigo 52 deste Regulamento.

Artigo 65

O *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* publicará os proxectos e as proposicións de lei, os votos particulares ou as emendas que se teñan de defender no Pleno ou en comisións con capacidade lexislativa plena, os informes de Ponencia, os ditames das comisións, os acordos das comisións e do Pleno, as interpelacións, as mocións, as proposicións non de lei, as propostas de resolución, as preguntas e respostas que se dean que non sexan de carácter reservado, as comunicacións da Xunta de Galicia e calquera outro texto ou documento cuxa publicación sexa esixida por algún precepto deste Regulamento ou a ordene o presidente, atendendo á esixencia dun trámite que requira a intervención do Parlamento. Tamén publicará a xuízo da Presidencia as disposicións das Cortes Xerais do Estado que poidan afectar á Comunidade Autónoma galega.

Artigo 66

1.- A Mesa da Cámara adoptará as medidas axeitadas, en cada caso, para facilitarlles aos medios de comunicación social a información sobre as actividades dos distintos órganos do Parlamento de Galicia.

2.- A propia Mesa regulará a concesión de credenciais aos representantes dos distintos medios de comunicación social, co obxecto de que poidan acceder aos locais do recinto parlamentario que se lles destine e ás sesións ás que poidan asistir.

3.- Ninguén poderá, sen estar expresamente autorizado polo presidente do Parlamento, realizar gravacións gráficas ou sonoras das sesións dos órganos da Cámara.

Título V
Das disposicións xerais de funcionamento

Capítulo I
Das sesións

Artigo 67

1.- O Parlamento de Galicia reunirase anualmente en dous períodos ordinarios de sesións, de setembro a decembro e de febreiro a xuño.

2.- Fóra dos devanditos períodos, a Cámara só poderá celebrar sesións extraordinarias por petición da Xunta de Galicia, da Deputación Permanente ou da maioría absoluta dos membros do Parlamento. Na petición deberá figurar a orde do día que se propón para a sesión extraordinaria solicitada.

3.- A convocatoria e a fixación da orde do día das sesións extraordinarias, tanto das comisións coma do Pleno, faranse de acordo co previsto neste Regulamento para as sesións ordinarias do Pleno.

Artigo 68

1.- As sesións, por regra xeral, celebraranse en días comprendidos entre o martes e o venres, ambos inclusive, de cada semana.

2.- Poderán, non obstante, celebrarse en días diferentes dos sinalados:

1.º Por acordo tomado en Pleno ou en Comisión, por iniciativa dos seus respectivos presidentes, de dous grupos parlamentarios ou dunha quinta parte dos deputados membros da Cámara ou da Comisión.

2.º Por acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, aceptado pola Xunta de Portavoces.

Artigo 69

As sesións do Pleno serán públicas coas seguintes excepcións:

1.ª Cando se traten cuestións que atinxan ao decoro da Cámara ou dos seus membros, ou da suspensión dun deputado.

2.ª Cando se debatan propostas, ditames, informes ou conclusións elaborados no seo da Comisión do Estatuto dos Deputados.

3.ª Cando o acorde o Pleno por maioría absoluta dos seus membros, por iniciativa da Mesa do Parlamento, da Xunta, de dous grupos parlamentarios ou da quinta parte dos membros da Cámara. Formulada a solicitude de sesión secreta, someterase a votación sen debate e a sesión continuará co carácter que se acordase.

Artigo 70

1.- As sesións das comisións son a porta pechada, mais poderán asistir os representantes dos medios de comunicación social debidamente acreditados.

2.- As sesións das comisións serán secretas cando o acorden por maioría absoluta dos seus membros, por iniciativa da súa respectiva Mesa, da Xunta, de dous grupos parlamentarios ou da quinta parte dos seus compoñentes.

3.- Serán secretas, en todo caso, as sesións e os traballos da Comisión do Estatuto dos Deputados.

4.- As sesións das comisións de investigación axustaranse ao previsto no apartado 1 deste artigo, coas seguintes excepcións:

a) Serán secretas as reunións das ponencias que se creen no seo da Comisión.

b) Serán igualmente secretas as comparecencias que versen sobre materias que fosen declaradas reservadas ou secretas conforme a lexislación vixente e as que traten sobre asuntos que coincidan con actuacións xudiciais que fosen declaradas secretas.

c) Tamén serán secretos os datos, informes ou documentos facilitados a estas comisións para o cumprimento dos seus fins cando o dispoña unha lei ou cando motivadamente o acorde a propia Comisión.

Artigo 71

1.- Das sesións do Pleno e das comisións levantarase acta, que conterá unha relación sucinta das materias debatidas, persoas intervenientes, incidencias producidas e acordos adoptados.

2.- As actas serán asinadas polo secretario ou vicesecretario, co visto e prace do presidente, e quedarán á disposición dos deputados na Oficialía Maior do Parlamento. No caso de que non se produza reclamación sobre o seu contido dentro dos dez días seguintes á celebración da sesión, entenderase aprobada; en caso contrario, someterase á decisión do órgano correspondente na súa seguinte sesión.

Capítulo II
Da orde do día

Artigo 72

1.- O presidente, de acordo coa Mesa e a Xunta de Portavoces, tendo en conta o calendario de actividades, fixará a orde do día do Pleno, que se incluirá na correspondente convocatoria.

2.- A orde do día das comisións será fixada pola súa respectiva Mesa, tendo en conta o calendario establecido pola Mesa do Parlamento.

3.- A Xunta de Galicia poderá pedir que nunha sesión concreta se inclúa un asunto con carácter prioritario, sempre que este cumprise os trámites regulamentarios que o fagan estar en condición de ser incluído na orde do día.

4.- Por iniciativa dun grupo parlamentario ou da Xunta de Galicia, a Mesa do Parlamento poderá acordar por maioría coa Xunta de Portavoces e o seu presidente, e atendendo razóns de urxencia, a inclusión na orde do día dun determinado asunto aínda que non cumprise os trámites regulamentarios.

5.- As sesións plenarias non poderán ser levantadas antes de que a orde do día fose debatida na súa totalidade, sen prexuízo das alteracións previstas no presente Regulamento.

Artigo 73

1.- A orde do día do Pleno pode ser alterada por acordo deste, por proposta do presidente ou por petición de dous grupos parlamentarios ou dunha quinta parte dos membros da Cámara.

2.- A orde do día dunha Comisión pode ser alterada por acordo desta, por proposta do seu presidente ou por petición de dous grupos parlamentarios ou dunha quinta parte dos deputados membros dela.

3.- Nun e noutro caso, cando se trate de incluír un asunto, este terá que ter cumpridos os trámites regulamentarios que lle permitan estar en condicións de ser incluído.

Capítulo III
Dos debates

Artigo 74

Ningún debate poderá comezar sen a previa distribución, polo menos con corenta e oito horas de antelación, do informe, do ditame ou da documentación que teña de servir de base a aquel, agás acordo contrario da Mesa do Parlamento ou da Comisión, debidamente xustificado.

Artigo 75

1.- Ningún deputado poderá falar sen ter pedida e obtida do presidente a palabra. Se un deputado chamado pola Presidencia non se encontrase presente, enténdese que renunciou a facer uso da palabra.

2.- Os discursos pronunciaranse persoalmente e de viva voz. O orador poderá facer uso da palabra desde a tribuna ou desde o escano.

3.- Ninguén poderá ser interrompido, cando fale, senón polo presidente, para lle advertir que esgotou o tempo, para chamalo á cuestión ou á orde, para lle retirar a palabra ou para facer chamadas á orde á Cámara, a algún dos seus membros ou ao público.

4.- Os deputados que pedisen a palabra nun mesmo sentido poderán cederse a rolda entre si. Logo de comunicación ao presidente e para un caso concreto calquera deputado con dereito a intervir poderá ser substituído por outro do mesmo grupo parlamentario.

5.- Os membros da Xunta de Galicia poderán intervir, sempre que o solicitasen, ao longo dos debates para matizar ou esclarecer feitos ou fixar a postura do Goberno. Estas intervencións non reabrirán o debate, sen prexuízo da réplica específica que poderá exercer a oposición e da dúplica a cargo do Goberno.

6.- Transcorrido o tempo establecido, o presidente, tras indicarlle dúas veces ao orador que conclúa, retiraralle a palabra.

Artigo 76

1.- Cando, a xuízo da Presidencia, no desenvolvemento dos debates se fixesen alusións que impliquen xuízos de valor ou inexactitudes sobre a persoa ou conduta dun deputado, concederáselle ao aludido, se así o solicitase, o uso da palabra, por un tempo de tres minutos, para que conteste ás alusións realizadas.

2.- Non se poderá contestar ás alusións senón na mesma sesión. Se o deputado aludido non estiver presente, poderá contestar á alusión na sesión seguinte.

3.- Cando a alusión afecte ao decoro ou á dignidade dun grupo parlamentario, o presidente poderá concederlle a un representante daquel o uso da palabra polo mesmo tempo e coas condicións que se establecen nos apartados 1 e 2 do presente artigo.

Artigo 77

1.- En calquera estado do debate, un deputado poderá pedir a observancia do Regulamento. Para este efecto, deberá citar o artigo ou os artigos dos que reclama a aplicación. Non caberá por este motivo debate ningún debendo acatarse a resolución que a Presidencia adopte á vista da alegación feita.

2.- Calquera deputado poderá tamén pedir, durante a discusión ou antes de votar, a lectura das normas ou dos documentos que coide conducentes á ilustración da materia de que se trate. A Presidencia poderá denegar as lecturas que coide non pertinentes ou innecesarias.

Artigo 78

1.- En todo o debate, o que fose contradito nas súas argumentacións por outro ou outros dos intervenientes terá dereito a replicar ou rectificar por unha soa vez e por tempo máximo de cinco minutos.

2.- Dentro do marco establecido no presente Regulamento, o presidente ten as facultades de ordenar os debates e as votacións, acumulando asuntos, incrementando ou diminuíndo o tempo das intervencións, ponderando para isto a importancia dun asunto e as circunstancias concorrentes.

Artigo 79

1.- Se non houber precepto específico entenderase que en todo debate cabe unha rolda a favor, outra en contra e unha rolda de portavoces. Non poderán intervir nesta última os grupos parlamentarios que xa o fixesen na rolda a favor ou en contra. A duración das intervencións nunha discusión sobre calquera asunto ou cuestión, agás precepto en contra deste Regulamento, será fixada pola Mesa de acordo coa Xunta de Portavoces.

2.- Se o debate for dos cualificados como de totalidade, as roldas serán de quince minutos, e, tras elas, os demais grupos parlamentarios poderán fixar a súa posición en intervencións que non excedan de dez minutos.

Artigo 80

1.- Os grupos parlamentarios intervirán nas roldas xerais en orde inversa á súa importancia numérica, comezando polo grupo de menor número de membros.

2.- Os membros do Grupo Mixto distribuirán entre eles o tempo total de intervención, que no seu conxunto non poderá exceder do que lle corresponde a cada un dos demais grupos. A Presidencia da Cámara deberá ser informada do acordo antes de cada sesión, e de non teren concretada a intervención os membros do grupo resolverá sobre a distribución do tempo que ha de empregar cada un deles.

Artigo 81

A Presidencia poderá acordar o cerramento dunha discusión, de acordo coa Mesa, cando estimase que un asunto está suficientemente debatido. Tamén poderá acordalo por petición do portavoz dun grupo parlamentario. Sobre esta petición de cerramento poderán falar, durante cinco minutos como máximo cada un, un orador en contra e outro a favor.

Artigo 82

Cando o presidente, os vicepresidentes ou o secretario ou vicesecretario da Cámara ou da Comisión desexaren tomar parte no debate, abandonarán o seu lugar na Mesa e non volverán ocupalo ata que concluíse a discusión do tema de que se trate.

Capítulo IV
Das votacións

Artigo 83

1.- Para adoptar acordos, a Cámara e mais os seus órganos deberán estar reunidos regulamentariamente e con asistencia da maioría dos seus membros.

2.- Se chegado o momento da votación ou celebrada esta resulta que non existise o quórum a que se refire o apartado anterior, pospoñerase a votación polo prazo máximo de dúas horas. Se transcorrido este prazo tampouco non puider celebrarse validamente aquela, o asunto será sometido a decisión do órgano correspondente na seguinte sesión.

Artigo 84

1.- Os acordos serán válidos unha vez aprobados pola maioría simple dos membros presentes do órgano correspondente, sen prexuízo das maiorías especiais que establecen o Estatuto de Galicia, as demais leis de Galicia e mais este Regulamento.

2.- Computaranse como presentes nunha votación as deputadas e os deputados da Cámara que malia estaren ausentes fosen autorizados expresamente pola Mesa do Parlamento para participar na devandita votación a través dos mecanismos previstos neste Regulamento.

3.- O voto das deputadas e dos deputados é persoal e indelegable, agás nos casos de embarazo, maternidade ou paternidade que, por impedir o desenvolvemento da función parlamentaria e unha vez avaliadas as especiais circunstancias, se consideren abondo

xustificados. A Mesa do Parlamento, mediante resolución motivada, poderá autorizar que a deputada ou o deputado poida participar nas votacións a través dos sistemas de voto delegado ou voto telemático.

4.- O voto delegado: as deputadas e os deputados poderán delegar o seu voto noutra deputada ou deputado do seu mesmo grupo parlamentario. Para tal efecto, a deputada ou o deputado dirixirá escrito á Mesa do Parlamento, no que se farán constar o nome da deputada ou do deputado que delega o seu voto, o nome da deputada ou do deputado que recibe a delegación e o período de duración da delegación ou os debates e as votacións en que debe exercese. Deberá constar, así mesmo, mediante sinatura, o coñecemento da ou do portavoz do grupo parlamentario correspondente. A delegación non se entenderá prorrogada tacitamente.

5.- O voto telemático: as deputadas e os deputados poderán exercer o seu voto telematicamente. Para tal efecto, dirixirán escrito á Mesa do Parlamento, no que se fará constar o seu nome, as votacións ou o período de tempo durante o cal poderá emitir o seu voto a través deste procedemento.

6.- Ningunha deputada nin deputado poderá tomar parte, directamente ou mediante delegación, nas votacións sobre resolucións que afecten o seu estatuto de deputados.

Artigo 85

As votacións non poderán interromperse por ningunha causa. Durante o desenvolvemento da votación, a Presidencia non concederá o uso da palabra e ningún deputado poderá entrar no salón nin abandonalo agás caso de forza maior e coa venia da Presidencia.

Artigo 86

Nos casos establecidos no presente Regulamento e naqueles que pola súa singularidade ou importancia a Presidencia así o acorde, a votación realizarase a hora fixa, anunciada previamente por aquela. Se, chegada a hora fixada, o debate non estiver rematado, a Presidencia sinalará nova hora para a votación.

Artigo 87

A votación poderá ser:

1.º Por asentimento.
2.º Ordinaria.
3.º Pública.
4.º Secreta.

Artigo 88

Consideraranse aprobadas por asentimento as propostas do presidente, cando, unha vez anunciadas, non suscitaren ningunha obxección nin oposición. Noutro caso, farase votación ordinaria.

Artigo 89

A votación ordinaria poderá realizarse, por decisión da Presidencia, nunha das seguintes formas:

1.ª Erguéndose primeiro os que aproben, a seguir os que desaproben e finalmente os que se absteñan. O presidente ordenará o reconto polo secretario ou vicesecretario se tiver dúbida do resultado ou se, mesmo despois de publicado este, algún grupo parlamentario o reclamar.

2.ª Por procedemento electrónico que acredite o sentido do voto de cada deputado e mais os resultados totais da votación.

Artigo 90

Na votación pública por chamamento o secretario ou vicesecretario nomeará os deputados e estes responderán "si", "non" ou "abstención". O chamamento realizarase por orde alfabética de primeiro apelido, comezando polo deputado cuxo nome sexa sacado a sorte. Os membros da Xunta de Galicia que sexan deputados e mais a Mesa votarán ao final.

Artigo 91

1.- A votación secreta poderá facerse:

1.º Por procedemento electrónico que acredite o resultado total da votación, omitindo a identificación dos votantes.

2.º Por papeletas cando se tratar de eleccións de persoal, cando o decida a Presidencia e cando se tiver especificada esta modalidade na solicitude de voto secreto.

2.- Para realizar as votacións a que se refire o punto 2.º do apartado anterior, os deputados serán chamados nominalmente á Mesa para depositaren a papeleta na urna correspondente.

Artigo 92

1.- A votación será pública por chamamento ou secreta cando así o esixa este Regulamento ou o soliciten dous grupos parlamentarios ou unha quinta parte dos deputados ou dos membros da Comisión. Se houber solicitudes concorrentes en sentido contrario, prevalecerá a de votación secreta. En ningún caso a votación poderá ser secreta cando se tratar de materia lexislativa.

2.- As votacións para a investidura do presidente da Xunta, a moción de censura e a cuestión de confianza serán en todo caso públicas por chamamento.

Artigo 93

1.- Cando ocorrer empate nalgunha votación, realizarase unha segunda e, de persistir aquel, suspenderase a votación durante o prazo que coide razoable a Presidencia. Transcorrido o prazo, repetirase a votación e, se de novo se producir empate, entenderase desbotado o ditame, artigo, emenda, voto particular ou proposición de que se trate.

2.- Nas votacións en Comisión sobre unha cuestión que deba ser ulteriormente sometida ao Pleno, entenderase que non existe empate cando a igualdade de votos, sendo idéntico o sentido no que votasen todos os membros da Comisión pertencentes a un mesmo grupo parlamentario, puider dirimirse ponderando o número de votos con que cada grupo conte no Pleno.

Artigo 94

1.- Verificada unha votación, ou o conxunto de votacións sobre unha mesma cuestión, cada grupo parlamentario poderá explicar o voto por tempo máximo de cinco minutos.

2.- Nos proxectos e nas proposicións de lei só poderá explicarse o voto tras a derradeira votación, a non ser que se dividise en partes claramente diferenciadas para efectos do debate, pois neste caso caberá a explicación despois da derradeira votación correspondente a cada parte. Nos casos previstos neste apartado, a Presidencia poderá ampliar o tempo ata dez minutos.

3.- Non caberá explicación do voto cando a votación fose secreta ou cando o grupo parlamentario interviñese no debate precedente. Non obstante e neste último suposto, o grupo parlamentario que cambiase o sentido do seu voto terá dereito a explicalo.

Capítulo V
Do cómputo dos prazos e da presentación dos documentos

Artigo 95

1.- Os prazos sinalados por días deste Regulamento computaranse en días hábiles, e os sinalados por meses de data a data na forma que determina a Lei de procedemento administrativo.

2.- Excluiranse do cómputo os períodos nos que o Parlamento non celebre sesións, a non ser que o asunto en cuestión estiver incluído na orde do día dunha sesión extraordinaria. A Mesa da Cámara fixará os días que han de habilitarse cos únicos efectos de cumprir os trámites que posibiliten a celebración daquela.

Artigo 96

1.- A Mesa da Cámara de acordo coa Xunta de Portavoces poderá acordar a prórroga ou redución dos prazos establecidos neste Regulamento.

2.- Agás casos excepcionais, as prórrogas non serán superiores a outro tanto do prazo nin as reducións á súa metade.

Artigo 97

1.- A presentación de documentos no Rexistro da Oficialía Maior do Parlamento poderá facerse nos días e nas horas que fixe a Mesa da Cámara. A Mesa ha de garantir que os

servizos de Rexistro da Oficialía Maior poidan recibir os documentos correspondentes antes de que expiren os prazos dos días e das horas prefixados.

2.- Serán admitidos os documentos presentados dentro do prazo nas oficinas de correos, sempre que concorran os requisitos esixidos na Lei de procedemento administrativo.

Capítulo VI
Da declaración de urxencia

Artigo 98

1.- Por petición da Xunta de Galicia, de dous grupos parlamentarios ou dunha quinta parte dos deputados, a Mesa do Parlamento poderá acordar que un asunto se tramite polo procedemento de urxencia.

2.- Se o acordo se tomar achándose un trámite en curso, o procedemento de urxencia aplicarase para os trámites seguintes a aquel.

Artigo 99

Sen prexuízo do establecido no artigo 96 do presente Regulamento, os prazos terán unha duración da metade dos establecidos con carácter ordinario.

Capítulo VII
Da disciplina parlamentaria

Sección 1.ª
Das sancións polo incumprimento dos deberes dos deputados

Artigo 100

Durante as sesións do Pleno e das comisións, os deputados teñen a obriga de respectar as regras de orde establecidas por este Regulamento, de evitar toda clase de perturbación ou desorde, acusacións ou recriminacións entre eles, expresións inconvenientes ao decoro da Cámara, interrupcións aos oradores sen autorización do presidente e facer uso da palabra máis tempo do autorizado, como tamén entorpecer deliberadamente o curso dos debates ou de obstruír o traballo parlamentario.

Artigo 101

1.- O deputado poderá ser privado, por acordo da Mesa, dalgún ou de todos os dereitos que lle conceden os artigos do 8 ao 11 do presente Regulamento nos seguintes supostos:

1.º Cando de forma reiterada e sen xustificación deixar de asistir voluntariamente ás sesións do Pleno ou das comisións.

2.º Cando quebrantar o deber de segredo establecido no artigo 13 deste Regulamento.

2.- O acordo da Mesa, que será motivado, sinalará a extensión e duración das sancións, que poderán estenderse tamén á parte alícuota de subvención contemplada no artigo 27 do presente Regulamento.

Artigo 102

A prohibición de asistir a unha ou dúas sesións e a expulsión inmediata dun deputado poderán ser impostas polo presidente, nos termos establecidos no presente Regulamento.

Artigo 103

1.- A suspensión temporal na condición de deputado poderá acordala o Pleno da Cámara, por mor de disciplina parlamentaria, nos seguintes supostos:

1.º Cando, imposta e cumprida a sanción prevista no artigo 101, o deputado persistir na súa actitude.

2.º Cando o deputado portar armas dentro do recinto parlamentario.

3.º Cando o deputado, despois de ser expulsado do salón de sesións, se negar a abandonalo.

4.º Cando o deputado contraviñese o disposto nos artigos 13 e 14 deste Regulamento.

2.- As propostas formuladas pola Mesa da Cámara nos tres primeiros supostos do apartado anterior e pola Comisión do Estatuto dos Deputados no cuarto someteranse á

consideración e decisión do Pleno da Cámara en sesión secreta. No debate os grupos parlamentarios poderán intervir por medio dos seus portavoces, e a Cámara resolverá sen máis trámites.

3.- Se a causa da sanción puider ser, a xuízo da Mesa, constitutiva de delito, a Presidencia daralle conta ao órgano xudicial competente.

Sección 2.ª
Das chamadas á cuestión e á orde

Artigo 104

1.- Os oradores serán chamados á cuestión sempre que estiveren fóra dela, xa por digresións estrañas ao punto de que se trate, xa por volveren sobre o que estiver discutido ou votado.

2.- O presidente retiraralle a palabra ao orador ao que lle houber de facer unha terceira chamada á cuestión nunha mesma intervención.

Artigo 105

Os deputados e os oradores serán chamados á orde:

1.º Cando proferiren palabras ou verteren conceptos ofensivos ao decoro da Cámara ou dos seus membros, das institucións do Estado e de Galicia ou de calquera outra persoa ou entidade.

2.º Cando nos seus discursos faltaren ao establecido para a boa marcha das deliberacións.

3.º Cando con interrupcións ou de calquera forma alteraren a orde das sesións.

4.º Cando, retirada a palabra a un orador, pretender continuar facendo uso dela.

Artigo 106

1.- Ao deputado ou orador que for chamado á orde tres veces nunha mesma sesión, advertido unha segunda vez das consecuencias dunha terceira chamada, retiraráselle, se é o caso, a palabra e o presidente, sen debate, poderá impoñerlle a sanción de non asistir ao resto da sesión.

2.- Se o deputado sancionado non atender ao requirimento de abandonar o salón de sesións, o presidente adoptará as medidas que considere pertinentes para facer efectiva a expulsión. Neste caso, a Presidencia, sen prexuízo do establecido no artigo 103, poderá impoñerlle, ademais, a prohibición de asistir á seguinte sesión.

3.- Cando se producir o suposto previsto no punto 1.º do artigo anterior, o presidente requirirá ao deputado ou orador para que retire as ofensas proferidas e ordenará que non consten no *Diario de Sesións*. A negativa a este requirimento poderá dar lugar a sucesivas chamadas á orde, cos efectos previstos nos apartados anteriores deste artigo.

Sección 3.ª
Da orde dentro do recinto parlamentario

Artigo 107

O presidente vela polo mantemento da orde dentro de todas as dependencias do Parlamento. Para este efecto pode tomar todas as medidas que considere pertinentes, incluída a de poñer á disposición xudicial as persoas responsables.

Artigo 108

Calquera persoa que no recinto parlamentario, en sesión ou fóra dela, promover desorde grave coa súa conduta de obra ou palabra será inmediatamente expulsada. Se se tratar dun deputado, o presidente suspenderao, ademais, no acto, dos seus dereitos parlamentarios por prazo de ata un mes, sen prexuízo de que a Cámara, por proposta da Mesa e de acordo co previsto no artigo 103, poida ampliar ou agravar a sanción.

Artigo 109

1.- O presidente velará, nas sesións públicas, polo mantemento da orde das tribunas.

2.- Os que nestas deren mostras de aprobación ou desaprobación, perturbaren a orde ou faltaren á debida compostura serán inmediatamente expulsados do pazo por indicación da Presidencia, ordenando, cando o estime conveniente, que os servizos de seguridade da Cámara levanten as oportunas dilixencias por se os actos producidos puidesen ser constitutivos de delito ou de falta.

Título VI
Do procedemento lexislativo

Capítulo I
Da iniciativa lexislativa

Artigo 110

A iniciativa lexislativa, sen prexuízo do disposto no artigo 87.2 da Constitución e no 10.1.f) do Estatuto de autonomía, correspóndelles:

1.- Aos deputados e aos grupos parlamentarios de acordo co que establece este Regulamento.

2.- Á Xunta ou ao Goberno de Galicia.

3.- Aos cidadáns, de acordo co artigo 87.3 da Constitución española e da lei orgánica que o desenvolva.

Capítulo II
Do procedemento lexislativo común

Sección 1.ª
Dos proxectos de lei

Artigo 111

1.- Os proxectos de lei remitidos pola Xunta de Galicia deben ir acompañados dunha exposición de motivos e dos antecedentes necesarios para se poder pronunciar.

2.- A Mesa do Parlamento mandará que se publiquen, que se abra o prazo de emendas e, oída a Xunta de Portavoces, que se tramiten na Comisión correspondente.

Artigo 112

1.- Publicado un proxecto de lei, os deputados e os grupos parlamentarios terán un prazo de quince días para presentar emendas a aquel mediante escrito dirixido á Mesa da Comisión. O escrito de emendas deberá levar a sinatura do portavoz do grupo ao que pertenza o deputado ou da persoa que substitúa a aquel, para os meros efectos de coñecemento. A omisión deste trámite poderá repararse antes do comezo da discusión en Comisión.

2.- As emendas poderán ser á totalidade ou ao articulado.

3.- Serán emendas á totalidade as que versen sobre a oportunidade, os principios ou o espírito do proxecto de lei e postulen a devolución daquel á Xunta, ou as que propoñan un texto completo alternativo ao do proxecto. Só poderán ser presentadas polos grupos parlamentarios ou por un deputado coa sinatura doutros catro.

4.- As emendas ao articulado poderán ser de supresión, modificación ou adición. Nos dous últimos supostos, a emenda deberá conter o texto completo que se propoña.

5.- A tal fin, e en xeral, para todos os efectos do procedemento lexislativo, cada disposición adicional, derradeira, derrogatoria ou transitoria terá a consideración dun artigo, ao igual ca o título da lei, as rúbricas das distintas partes nas que estea sistematizado, a propia ordenación sistemática e a exposición de motivos.

Artigo 113

l.- As emendas a un proxecto de lei que supoñan aumento dos créditos ou mingua dos ingresos orzamentarios requirirán a conformidade da Xunta de Galicia para a súa tramitación.

2.- Para tal efecto, a Ponencia encargada de redactar o informe remitiralle á Xunta de Galicia, por conduto da Presidencia do Parlamento, as que supoñan o antedito aumento ou mingua.

3.- A Xunta de Galicia deberá dar resposta razoada no prazo de quince días. Transcorrido este, entenderase que o silencio da Xunta de Galicia expresa conformidade.

4.- A Xunta de Galicia poderá manifestar a súa desconformidade coa tramitación de emendas que supoñan aumento dos créditos ou mingua dos ingresos orzamentarios en calquera momento da tramitación, de non ter sido consultada na forma que sinalan os apartados anteriores.

5.- Cando se tratar de emendas que, aínda implicando mingua de ingresos tributarios, non estiveren suxeitas á conformidade da Xunta de Galicia para a súa tramitación, ademais dos requisitos de carácter xeral, deberán propoñer unha baixa correlativa dos gastos.

Artigo 114

1.- O debate de totalidade dos proxectos de lei no Pleno procederá cando estiveren presentadas, dentro do prazo regulamentario, emendas á totalidade. O presidente da Comisión, neste caso, trasladaralle ao presidente do Parlamento de Galicia as emendas á totalidade que estivesen presentadas para a súa inclusión na orde do día da sesión plenaria na que se teñan de debater.

2.- O debate de totalidade desenvolverase con suxeición ao establecido neste Regulamento para os deste carácter, se ben unha vez defendidas todas as emendas, e como regra xeral, se establecerá unha rolda a favor e outra en contra sobre elas, e unha rolda de portavoces para os grupos non emendantes.

3.- Terminada a deliberación, o presidente someterá a votación as emendas á totalidade defendidas, comezando por aquelas que propoñan a devolución do proxecto á Xunta.

4.- Se o Pleno acordar a devolución do proxecto, este quedará desbotado e o presidente do Parlamento de Galicia comunicarallo ao da Xunta. No caso contrario, remitiráselle á Comisión para proseguir a súa tramitación.

5.- Se o Pleno aprobar unha emenda á totalidade das que propoñan un texto alternativo, daráselle traslado deste á Comisión correspondente, publicarase no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e procederase a abrir un novo prazo de presentación de emendas, que só poderán formularse sobre o articulado.

Artigo 115

1.- Finalizado o debate de totalidade, se o houber, e en todo caso o prazo de presentación de emendas, a Comisión nomeará no seu seo un ou varios ponentes para que, á vista do texto e das emendas presentadas ao articulado, redacte un informe no prazo de quince días.

2.- A Mesa da Comisión, sen prexuízo do establecido no apartado 3 do artigo 43 do presente Regulamento, poderá prorrogar o prazo para a emisión do informe, cando a transcendencia ou complexidade do proxecto de lei así o esixir.

Artigo 116

1.- Concluído o informe da Ponencia, comezará o debate en Comisión, que se fará artigo por artigo. En cada un deles poderán facer uso da palabra os emendantes ao artigo e os membros da Comisión.

2.- As emendas que estivesen presentadas en relación coa exposición de motivos discutiranse ao final do articulado, se a Comisión acordar incorporar a devandita exposición de motivos como preámbulo da lei.

3.- Durante a discusión dun artigo, a Mesa poderá admitir a trámite novas emendas que se presenten neste momento por escrito por un membro da Comisión, sempre que tendan a alcanzar un acordo por aproximación entre as emendas xa formuladas e o texto do artigo. Tamén se admitirán a trámite emendas que teñan por finalidade reparar erros ou incorreccións técnicas, terminolóxicas ou gramaticais.

Artigo 117

1.- Na dirección dos debates da Comisión, a Presidencia da Mesa exercerá as funcións que neste Regulamento se lles confiran á Presidencia e á Mesa do Parlamento.

2.- O presidente da Comisión, de acordo coa Mesa desta, poderá establecer o tempo máximo da discusión para cada artigo, o que corresponda a cada intervención, á vista do número de peticións de palabra, e o total para a conclusión do ditame.

Artigo 118

O ditame da Comisión, asinado polo seu presidente e polo secretario, remitiráselle ao presidente do Parlamento para efectos da tramitación subseguinte que proceder.

Artigo 119

Os grupos parlamentarios e deputados, dentro das corenta e oito horas seguintes á data de terminación do ditame, en escrito dirixido ao presidente da Cámara, deberán comunicar os votos particulares e as emendas que, despois de ser defendidas e votadas en Comisión e non incorporadas ao ditame, pretendan defender no Pleno.

Artigo 120

1.- O debate no Pleno comezará pola presentación que do ditame da Comisión faga o presidente desta ou un deputado en quen delegue, por un tempo de dez minutos.

A continuación os grupos parlamentarios dispoñerán sucesivamente dunha rolda de quince minutos para explicar a súa posición sobre o ditame da Comisión e, se é o caso, defender as emendas e os votos particulares non incorporados a aquel e que oportunamente reservasen.

O debate pecharase con outra rolda de cinco minutos para que sucesivamente os grupos se definan sobre as emendas e os votos particulares defendidos polos demais.

2.- A Presidencia da Cámara someterá a votación as emendas e os votos particulares mantidos, e incorporaranse ao texto os que resulten aprobados.

3.- Durante o debate a Presidencia poderá admitir emendas que teñan por finalidade reparar erros ou incorreccións técnicas, terminolóxicas ou gramaticais. Só se poderán admitir a trámite as emendas de transacción entre as xa presentadas e o texto do ditame, cando se formulen por escrito e ningún grupo parlamentario se opoña á súa admisión. En todo caso, esta comportará a retirada das emendas respecto das que se transaccionen.

4.- Finalmente a Presidencia someterá a votación o ditame da Comisión coas emendas e cos votos particulares que fosen incorporados.

Artigo 121

Terminado o debate dun proxecto, se, como consecuencia da aprobación dun voto particular ou dunha emenda ou da votación dos artigos, o texto resultante puider ser

incongruente ou escuro nalgún dos seus puntos, a Mesa da Cámara poderá, por iniciativa propia ou por petición da Comisión, enviar o texto aprobado polo Pleno de novo á Comisión, co único fin de que esta, no prazo dun mes, efectúe unha redacción harmónica que deixe a salvo os acordos do Pleno. O ditame así redactado someterase á decisión final do Pleno, que deberá aprobalo ou rexeitalo no seu conxunto, nunha soa votación.

Sección 2.ª
Das proposicións de lei

Artigo 122

As proposicións de lei dos deputados presentaranas acompañadas dunha exposición de motivos e dos antecedentes necesarios para se poder pronunciar sobre elas:

1.º Un deputado coa sinatura doutros catro membros da Cámara.

2.º Un grupo parlamentario coa sinatura do seu portavoz.

Artigo 123

1.- Exercitada a iniciativa, a Mesa do Parlamento ordenará a publicación da proposición de lei e a súa remisión á Xunta de Galicia, para que manifeste o seu criterio respecto da toma en consideración, así como a súa conformidade ou non á tramitación se implicar aumento dos créditos ou mingua dos ingresos orzamentarios.

2.- Transcorridos quince días sen que a Xunta de Galicia manifestase o seu criterio ou negase expresamente a súa conformidade á súa tramitación, no suposto de implicar aumento dos créditos ou mingua dos ingresos orzamentarios do exercicio, a proposición de lei quedará en condicións de ser incluída na orde do día do Pleno para a súa toma en consideración.

3.- Antes de iniciar o debate, darase lectura ao criterio da Xunta se o houber. O debate axustarase ao establecido para os de totalidade.

4.- Acto seguido, o presidente preguntará se a Cámara toma ou non en consideración a proposición de lei de que se tratar. En caso afirmativo, a Mesa da Cámara acordará o seu envío á Comisión competente e a apertura do correspondente prazo de presentación de emendas. A proposición seguirá o trámite previsto para os proxectos de lei, correspondéndolle

a un dos propoñentes ou a un deputado do grupo autor da iniciativa a presentación dela ante o Pleno.

Artigo 124

As proposicións de lei de iniciativa popular deben ser examinadas pola Mesa do Parlamento para ver de que cumpran os requisitos legalmente establecidos. Se os cumpriren, a tramitación axustarase ao previsto no artigo anterior, coas especificidades que poidan derivar das leis que regularán esta iniciativa.

Sección 3.ª
Da retirada de proxectos e proposicións de lei

Artigo 125

1.- O Goberno poderá retirar un proxecto de lei en calquera momento da súa tramitación ante a Cámara sempre que non tiver recaído acordo final desta.

2.- Mentres non se acordar tomar en consideración unha proposición de lei, o propoñente poderá decidir retirala; esta iniciativa terá plenos efectos por ela mesma. Tomada en consideración, a retirada só será efectiva se a aceptar o Pleno da Cámara.

Capítulo III
Das especialidades no procedemento lexislativo

Sección 1.ª
Dos proxectos e das proposicións de lei de desenvolvemento básico do Estatuto de Galicia

Artigo 126

1.- A iniciativa lexislativa regulada no artigo 110 deste Regulamento pódese exercer, así mesmo, en relación coas leis de desenvolvemento básico que prevé o Estatuto de Galicia.

2.- Non obstante, a Mesa, de acordo coa Xunta de Portavoces e logo de iniciativa de dous grupos parlamentarios ou dunha quinta parte dos deputados, pode decidir que nestas materias a iniciativa parlamentaria sexa exercida polos grupos parlamentarios. Con esta finalidade, a Comisión competente nomeará no seu seo unha Ponencia para que elabore o

texto da proposición de lei. Para a publicación da proposición haberá que aterse ao que dispoñen os artigos 111 e 112 deste Regulamento.

3.- Recibido o proxecto, a proposición de lei ou o texto elaborado pola Ponencia referida no apartado anterior, seguirase o procedemento lexislativo común.

Artigo 127

1.- En todo caso, a aprobación das leis a que se refire o apartado 1 do artigo 126 deste Regulamento require o voto favorable da maioría absoluta dos membros do Parlamento nunha votación final de totalidade. A votación será anunciada con antelación polo presidente do Parlamento. Se non se conseguise a citada maioría, a Comisión emitirá novo ditame no prazo dun mes.

2.- O debate sobre o novo ditame axeitarase ás normas que regulan os de totalidade. Se na votación se conseguise o voto favorable da maioría absoluta dos membros do Parlamento, considerarase aprobado, entendéndose definitivamente rexeitado no caso contrario.

3.- A modificación ou derrogación das leis de desenvolvemento básico do Estatuto de Galicia igualmente require en todo caso o voto favorable da maioría absoluta dos membros do Parlamento nunha votación final de totalidade.

Sección 2.ª
Da reforma do Estatuto de Galicia

Artigo 128

1.- Os proxectos e as proposicións de reforma estatutaria a que se refiren os artigos 56 e 57 do Estatuto de Galicia tramitaranse de acordo coas normas establecidas nos artigos 126 e 127 deste Regulamento, pero para seren aprobados será preciso o voto favorable dos dous terzos dos membros de dereito do Parlamento.

2.- Aprobado o proxecto de reforma, o presidente do Parlamento remitirallo ás Cortes Xerais para a súa tramitación ulterior.

Sección 3.ª
Do Proxecto de lei de orzamentos

Artigo 129

1.- No exame, na emenda e na aprobación dos orzamentos aplicarase o procedemento lexislativo común, agás o disposto na presente sección.

2.- O Proxecto de lei de orzamentos gozará de preferencia na tramitación con respecto aos demais traballos da Cámara.

3.- As emendas ao Proxecto de lei de orzamentos que supoñan aumento de créditos nalgún concepto unicamente poderán ser admitidas a trámite se, ademais de cumprir os requisitos xerais, propoñen unha baixa de igual contía na mesma sección.

4.- As emendas ao Proxecto de lei de orzamentos que supoñan minoración de ingresos remitiránselle á Xunta de Galicia para que emita informe sobre elas no prazo de quince días.

Artigo 130

1.- O debate de totalidade do Proxecto de lei de orzamentos será único, acumulándose nel tanto as emendas que postulen a súa devolución global coma a de calquera sección ou centro xestor de gastos. Para a súa defensa, os grupos que as formulasen dispoñerán dun tempo proporcional entre trinta e corenta e cinco minutos. Só estas emendas terán efectos devolutivos para o proxecto.

A seguir debateranse as emendas que afecten a contía global dos estados dos orzamentos ou que transfiran créditos entre seccións. Para a súa defensa cada grupo parlamentario dispoñerá dun tempo proporcional entre quince e trinta minutos.

2.- O debate do orzamento referirase ao articulado e ao estado de autorización de gastos. Todo isto sen prexuízo do estudo doutros documentos que deban acompañar a aquel.

3.- O presidente da Comisión e o da Cámara, de acordo coas súas respectivas Mesas, poderán ordenar os debates e as votacións na forma que máis se axeite á estrutura do orzamento.

4.- O debate final dos orzamentos no Pleno da Cámara desenvolverase diferenciando o conxunto do articulado da lei e cada unha das súas seccións.

Artigo 131

As disposicións deste apartado tamén son aplicables para a tramitación e a aprobación por parte do Parlamento dos orzamentos dos entes públicos da Xunta de Galicia, para os cales a lei establece a necesidade de aprobación do Parlamento.

Sección 4.ª
Da competencia lexislativa plena das comisións

Artigo 132

1.- O Pleno da Cámara, por maioría dos dous terzos, por proposta da Mesa, de acordo coa Xunta de Portavoces, ou por iniciativa desta, pode delegar nas comisións a aprobación de proxectos e proposicións de lei, agás as previstas no apartado 1 do artigo 126 e a reforma estatutaria do artigo 128; naquel caso, a Comisión actuará con capacidade lexislativa plena.

2.- En todo momento, o Pleno pode reclamar o debate e a votación de calquera proxecto ou proposición de lei que fose obxecto de delegación. A iniciativa pode ser tomada pola Mesa do Parlamento, por dous grupos parlamentarios ou por unha quinta parte dos deputados.

Artigo 133

1.- Para a tramitación destes proxectos e proposicións de lei aplicarase o procedemento lexislativo común, agás o debate e a votación no Pleno, e coas especialidades que se establecen nos apartados seguintes.

2.- Recibido o proxecto ou a proposición de lei, a Comisión nomeará unha Ponencia formada por un membro da Comisión pertencente a cada grupo parlamentario.

3.- Aplicaráselle ao informe da Ponencia o que prevé o artigo 116 do Regulamento. A continuación, o Pleno da Comisión seguirá o trámite previsto nesta norma para a deliberación en Pleno.

Sección 5.ª
Da tramitación dun proxecto de lei en lectura única

Artigo 134

1.- Cando a natureza dun proxecto de lei o aconsellar ou a súa simplicidade de formulación o permitir, o Pleno da Cámara, por proposta da Mesa, oída a Xunta de Portavoces ou por iniciativa desta, poderá acordar que este proxecto se tramite directamente e en lectura única ante o Pleno ou ante unha Comisión.

2.- Adoptado o acordo, procederase a un debate suxeito ás normas establecidas para os de totalidade e seguidamente o conxunto do proxecto someterase a unha soa votación.

Título VII
Da investidura, da moción de censura e da cuestión de confianza

Capítulo I
Da investidura

Artigo 135

De conformidade co disposto no apartado 2 do artigo 15 do Estatuto de Galicia, o presidente da Xunta de Galicia será elixido polo Parlamento de Galicia entre os seus membros e será nomeado por el-rei.

Artigo 136

Para a investidura do presidente da Xunta de Galicia aplicaranse, conforme o establecido no apartado 3 do artigo 15 do Estatuto de Galicia, as seguintes normas:

1.ª O presidente do Parlamento, consultados os representantes designados polos partidos ou polos grupos políticos con representación parlamentaria, propoñerá de entre os membros do Parlamento un candidato á Presidencia da Xunta. A proposta deberá formularse como máximo no termo de trinta días desde a constitución do Parlamento ou o cesamento do presidente.

2.ª A sesión comezará coa lectura da proposta polo secretario ou vicesecretario da Cámara. A seguir, o candidato proposto expoñerá, sen limitación de tempo, o programa político do Goberno que pretende formar, e solicitará a confianza da Cámara.

3.ª Tras o tempo de interrupción decretado pola Presidencia, que terá un mínimo de corenta e oito horas, intervirá cada grupo parlamentario que o solicite durante o tempo previamente fixado pola Mesa do Parlamento, de acordo coa Xunta de Portavoces.

4.ª O candidato proposto poderá facer uso da palabra cantas veces o solicitar. Cando contestar individualmente a un dos intervenientes, este terá dereito a réplica por dez minutos. Se o candidato contestar en forma global aos representantes dos grupos parlamentarios, estes terán dereito a unha réplica de dez minutos.

5.ª A votación levarase a efecto á hora fixada pola Presidencia.

6.ª Para ser elixido presidente da Xunta, o candidato deberá obter os votos da maioría absoluta. Esta elección comportará a aprobación do programa de Goberno. Se non acada esta maioría, procederase a unha segunda votación vinte e catro horas despois da anterior, e resultará elixido se obtén o voto favorable da maioría simple. Caso de non se conseguir esta maioría, tramitaranse sucesivas propostas na forma prevista anteriormente.

Capítulo II
Da moción de censura

Artigo 137

O Parlamento de Galicia pode esixir a responsabilidade política da Xunta, do seu presidente e dos conselleiros con suxeición ao establecido nos artigos 10, 15.4 e 17 do Estatuto de autonomía e nas leis de Galicia que o desenvolvan mediante a adopción dunha moción de censura.

Artigo 138

1.- A moción deberá ser proposta, polo menos, pola quinta parte dos deputados en escrito motivado dirixido á Mesa do Parlamento e terá que incluír un candidato á Presidencia da Xunta.

2.- A Mesa do Parlamento de Galicia, tras comprobar que a moción de censura reúne os requisitos sinalados no número anterior, admitiraa a trámite, dándolles conta da súa presentación ao presidente da Xunta e aos portavoces dos grupos parlamentarios.

3.- Dentro dos dous días seguintes á presentación da moción de censura poderán presentarse mocións alternativas, que deberán reunir os mesmos requisitos sinalados no apartado anterior e estarán sometidas aos mesmos trámites de admisión sinalados no apartado precedente.

4.- O debate iniciarase pola defensa da moción de censura que, sen limitación de tempo, efectúe un dos deputados asinantes dela.

5.- Tras a interrupción decretada pola Presidencia poderán intervir os grupos parlamentarios da Cámara que o solicitaren, por tempo de trinta minutos. Todos os intervenientes teñen dereito a unha rolda de réplica ou rectificación de dez minutos.

6.- Se se presentase máis dunha moción de censura, o presidente da Cámara, oída a Xunta de Portavoces, poderá acordar o debate conxunto de todas as incluídas na orde do día, pero deberán de ser postas a votación por separado, seguindo a orde da súa presentación.

7.- A moción ou as mocións de censura serán sometidas a votación á hora que previamente fose anunciada pola Presidencia e que non poderá ser anterior ao transcurso de cinco días desde a presentación da primeira no Rexistro Xeral.

8.- A aprobación dunha moción de censura requirirá, en todo caso, o voto favorable da maioría absoluta dos membros do Parlamento.

9.- Ningún dos asinantes dunha moción de censura que fose rexeitada poderá asinar outra durante o mesmo período de sesións. Para este efecto a moción presentada entre un período de sesións e outro será imputada ao período seguinte.

10.- Se prosperar unha moción de censura:

1.º Non se someterán a votación as restantes que se presentaron.

2.º A Xunta e o seu presidente cesarán e o candidato incluído nela entenderase investido da confianza da Cámara para os efectos previstos no artigo 136 deste Regulamento.

Capítulo III
Da cuestión de confianza

Artigo 139

1.- O presidente da Xunta pode formular ante o Parlamento a cuestión de confianza sobre o seu programa ou sobre unha declaración política xeral.

2.- A cuestión de confianza presentarase en escrito motivado ante a Mesa do Parlamento e o seu presidente daralle conta del á Xunta de Portavoces e convocará o Pleno.

3.- O debate desenvolverase con suxeición ás mesmas normas establecidas para o de investidura, correspondéndolle ao presidente da Xunta, e se é o caso aos membros desta, as intervencións alí establecidas para o candidato.

4.- Rematado o debate, a proposta de confianza será sometida a votación á hora que, previamente, fose anunciada pola Presidencia. A cuestión de confianza non poderá ser votada ata transcorreren vinte e catro horas desde a súa presentación.

5.- A confianza entenderase outorgada cando obteña o voto da maioría simple dos deputados. En caso de non ser outorgada, a Xunta e o seu presidente cesarán.

Título VIII
Do exame e debate de comunicacións, programas ou plans da Xunta de Galicia e outros informes

Capítulo I
Das comunicacións da Xunta de Galicia

Artigo 140

1.- Cando a Xunta de Galicia lle remitir ao Parlamento unha comunicación para o seu debate, que poderá ser ante o Pleno ou en Comisión, aquel iniciarase coa intervención dun membro da Xunta, tras a cal poderá facer uso da palabra, por tempo máximo de quince minutos, un representante de cada grupo parlamentario.

2.- Os membros da Xunta de Galicia poderán contestar ás cuestións formuladas de forma illada, conxunta ou agrupadas por razón da materia. Todos os intervenientes poderán replicar durante un prazo máximo de dez minutos cada un.

Artigo 141

1.- Rematado o debate, abrirase un prazo de trinta minutos durante o cal os grupos parlamentarios poderán presentar ante a Mesa propostas de resolución. A Mesa admitirá as propostas que sexan congruentes coa materia obxecto do debate.

2.- As propostas admitidas poderán ser defendidas durante un tempo máximo de dez minutos. O presidente poderá conceder unha rolda en contra polo mesmo tempo tras a defensa de cada unha delas.

3.- As propostas de resolución serán votadas segundo a orde de presentación, agás aquelas que signifiquen o rexeitamento global do contido da comunicación da Xunta, que se votarán en primeiro lugar.

Capítulo II
Do exame dos programas e plans remitidos pola Xunta de Galicia

Artigo 142

1.- Se a Xunta de Galicia remitir un programa ou plan que requira o pronunciamento do Parlamento, a Mesa ordenará o seu envío á Comisión competente.

2.- A Mesa da Comisión organizará a tramitación e fixará prazos dela. A Comisión designará, se é o caso, unha Ponencia que estude o programa ou plan en cuestión. O debate na Comisión axeitarase ao previsto no capítulo anterior, entendéndose que o prazo para a presentación de propostas de resolución será de tres días, se a Mesa do Parlamento decidise que aquelas deben debaterse no Pleno da Cámara.

Capítulo II
Das informacións da Xunta

Artigo 143

1.- Os membros da Xunta, por petición propia ou cando así o solicitar a Comisión correspondente, comparecerán ante esta para celebrar unha sesión informativa.

2.- O desenvolvemento da sesión constará das seguintes fases: exposición oral do conselleiro, suspensión por un tempo máximo de corenta e cinco minutos, para que os deputados e grupos parlamentarios poidan preparar a formulación de preguntas ou observacións, e posterior contestación destas polo membro da Xunta.

3.- Os membros da Xunta poderán comparecer, para estes efectos, asistidos de autoridades e funcionarios das súas consellarías.

Artigo 144

1.- Os membros da Xunta, por petición propia, ou por acordo da Mesa da Cámara e da Xunta de Portavoces, deberán comparecer ante o Pleno ou calquera das súas comisións para informaren sobre un asunto determinado. A iniciativa para a adopción de tales acordos corresponderalles a dous grupos parlamentarios ou á quinta parte dos membros da Cámara ou da Comisión, segundo os casos.

2.- Despois da exposición oral da Xunta, poderán intervir os representantes de cada grupo parlamentario por dez minutos fixando posicións, formulando preguntas ou facendo observacións, ás que contestará aquel sen ulterior votación.

3.- En casos excepcionais, a Presidencia poderá, de acordo coa Mesa e oída a Xunta de Portavoces, abrir unha rolda para que os deputados poidan concisamente formular preguntas ou pedir aclaracións sobre a información facilitada. O presidente, para o efecto, fixará un número ou tempo máximo de intervencións.

Título IX
Do control sobre as disposicións da Xunta con forza de lei

Artigo 145

A Xunta, en canto fixer uso da delegación prevista no artigo 10.1 do Estatuto de Galicia, dirixiralle ao Parlamento a correspondente comunicación, que conterá o texto articulado ou refundido obxecto daquela e que será publicado no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Artigo 146

1.- Cando, de conformidade co establecido no artigo 10.1 do Estatuto de autonomía de Galicia, as leis de delegación estableceren que o control adicional da lexislatura delegada o realice o Parlamento galego, procederase conforme o establecido no presente artigo.

2.- Se dentro do mes seguinte á publicación do texto articulado ou refundido ningún deputado ou grupo parlamentario formulase obxeccións, entenderase que a Xunta fixo uso correcto da delegación lexislativa.

3.- Se dentro do referido prazo se formular algún reparo á delegación en escrito dirixido á Mesa do Parlamento, esta remitirallo á correspondente Comisión da Cámara, que deberá emitir ditame ao respecto no prazo que para o efecto se sinale.

4.- O ditame será debatido no Pleno da Cámara consonte as normas xerais do procedemento lexislativo.

5.- Os efectos xurídicos do control serán os previstos na lei de delegación.

Título IX
Das interpelacións e preguntas

Capítulo I
Das interpelacións

Artigo 147

Os deputados e os grupos parlamentarios poderán formularlles interpelacións á Xunta e a cada un dos seus membros.

Artigo 148

1.- As interpelacións terán que presentarse por escrito ante a Mesa do Parlamento e versarán sobre motivos ou propósitos da actuación do Executivo ou das consellarías, en materias de política xeral ou cuestións de acentuada relevancia.

2.- A Mesa cualificará o escrito e, en caso de que o seu contido non sexa propio dunha interpelación, conforme o establecido no apartado precedente, comunicarallo ao seu autor para a súa conversión en pregunta con resposta oral ou por escrito.

Artigo 149

1.- Transcorridos quince días desde a publicación da interpelación, esta estará en condicións de ser incluída na orde do día do Pleno.

2.- As interpelacións incluiranse na orde do día, dándolles prioridade ás dos deputados de grupos parlamentarios ou ás dos propios grupos parlamentarios que no correspondente período de sesións non consumisen a cota resultante de asignar unha interpelación por cada tres deputados ou fracción pertencentes a el. Sen prexuízo do mencionado criterio, aplicarase o da prioridade na presentación. En ningunha orde do día se poderán incluír máis de dúas interpelacións dun mesmo grupo parlamentario.

3.- Finalizado un período de sesións, as interpelacións pendentes tramitaranse como preguntas con resposta por escrito, que serán contestadas antes da iniciación do seguinte período, a non ser que o deputado ou grupo parlamentario interpelante manifeste a súa vontade de manter a interpelación para o antedito período.

Artigo 150

1.- As interpelacións substanciaranse, como máximo, na segunda sesión plenaria despois de publicada, perante o Pleno, dando lugar a unha rolda de exposición polo autor da interpelación, á contestación da Xunta e a cadansúa rolda de réplica. As primeiras intervencións non poderán exceder de dez minutos, nin as de réplica de cinco.

2.- Despois da intervención de interpelante e interpelado, poderá facer uso da palabra un representante de cada grupo parlamentario agás daquel do que proceda a interpelación, por termo de dez minutos para fixar a súa posición.

Artigo 151

1.- Toda interpelación poderá dar lugar a unha moción na que a Cámara manifeste a súa posición.

2.- O grupo parlamentario interpelante ou aquel ao que pertenza o asinante da interpelación deberá presentar a moción nos tres días seguintes ao da substanciación daquela ante o Pleno. A moción, unha vez admitida pola Mesa, incluirase na orde do día da seguinte

sesión plenaria, e poderán presentarse emendas ata seis horas antes do comezo desta. A Mesa admitirá a moción se é congruente coa interpelación.

3.- O debate e a votación realizaranse de acordo co establecido para as proposicións non de lei.

Capítulo II
Das preguntas

Artigo 152

Os deputados poderán formularlles preguntas á Xunta e a cada un dos seus membros.

Artigo 153

1.- As preguntas terán que presentarse por escrito ante a Mesa do Parlamento.

2.- Non será admitida a pregunta de exclusivo interese persoal de quen a formula ou de calquera outra persoa singularizada, nin a que supoña consulta de índole estritamente xurídica.

3.- A Mesa cualificará o escrito e admitirá a pregunta se se axeitar ao establecido no presente capítulo.

Artigo 154

En defecto de indicación, entenderase que quen formula a pregunta solicita resposta por escrito e, se solicitar resposta oral e non o especificar, entenderase que esta ha de ter lugar na Comisión correspondente.

Artigo 155

1.- Cando se pretenda a resposta oral ante o Pleno, o escrito non poderá conter máis ca unha concisa e estrita formulación dunha soa cuestión interrogando sobre un feito, unha situación ou unha información, sobre se a Xunta tomou ou vai tomar algunha providencia en relación co asunto, ou se lle vai remitir ao Parlamento algún documento ou informalo acerca dalgún extremo.

2.- As preguntas estarán en condicións de ser incluídas na orde do día unha vez transcorridos sete días da súa publicación, dándolles prioridade ás presentadas polos deputados que aínda non formulasen preguntas no Pleno no mesmo período de sesións. Sen prexuízo deste criterio, o presidente, de acordo coa Xunta de Portavoces, sinalará o número de preguntas que se van incluír na orde do día de cada sesión plenaria e o criterio de distribución entre deputados correspondentes a cada grupo parlamentario.

3.- No debate, tras a concisa formulación da pregunta polo deputado, contestará a Xunta. Aquel poderá intervir a continuación para replicar ou preguntar, e, tras a nova intervención da Xunta, terminará o debate. Os tempos distribuiraos o presidente entre os intervenientes, sen que en ningún caso a formulación da pregunta poida exceder de cinco minutos. Rematado o tempo dunha interpelación, o presidente automaticamente daralle a palabra a quen deba intervir a continuación ou pasará á cuestión seguinte.

4.- A Xunta poderá solicitar, motivadamente, en calquera momento e por unha soa vez, respecto de cada pregunta, que sexa posposta para a orde do día da seguinte sesión plenaria.

5.- Cando unha pregunta fose cualificada como urxente, a súa inclusión na orde do día requirirá comunicación á Xunta de Galicia con corenta e oito horas de antelación ao desenvolvemento daquel.

Artigo 156

1.- As preguntas respecto das que se pretenda resposta oral en Comisión estarán en condicións de ser incluídas na orde do día unha vez transcorridos sete días desde a súa publicación.

2.- Tramitaranse conforme o establecido no apartado 3 do artigo anterior, coa particularidade de que as primeiras intervencións serán por tempo de dez minutos e as de réplica de cinco. Poderán comparecer para respondelas os conselleiros, directores xerais ou subdirectores xerais da Administración autonómica.

3.- Rematado un período de sesións, as preguntas pendentes tramitaranse como preguntas con resposta por escrito, que serán contestadas antes da iniciación do seguinte período de sesións.

Artigo 157

1.- A contestación por escrito ás preguntas deberá realizarse dentro dos vinte días seguintes á súa publicación, podendo prorrogarse este prazo por petición motivada da Xunta e por acordo da Mesa do Parlamento por outro prazo de ata vinte días máis.

2.- Se a Xunta non enviar a contestación no devandito prazo, o presidente da Cámara, por petición do autor da pregunta, ordenará que se inclúa na orde do día da seguinte sesión da Comisión competente, onde recibirá o tratamento das preguntas orais, dándoselle conta de tal decisión á Xunta.

Capítulo III
Normas comúns

Artigo 158

Nas semanas nas que exista sesión ordinaria do Pleno, dedicaranse, por regra xeral, dúas horas como tempo mínimo a preguntas e interpelacións.

Artigo 159

1.- O presidente da Cámara está facultado para acumular e ordenar que se debatan simultaneamente as interpelacións ou preguntas incluídas nunha orde do día e relativas ao mesmo tema ou a temas conexos entre si.

2.- A Mesa, oída a Xunta de Portavoces, poderá declarar non admisibles a trámite aquelas preguntas ou interpelacións cuxo texto incorra nos supostos contemplados no número 1.º do artigo 105 deste Regulamento.

Título IX
Das proposicións non de lei

Artigo 160

Os grupos parlamentarios poderán presentar proposicións non de lei a través das cales lle formulen propostas de resolución á Cámara.

Artigo 161

1.- As proposicións non de lei deberán presentarse por escrito á Mesa do Parlamento, que decidirá sobre a súa admisibilidade, ordenará, se é o caso, a súa publicación e acordará a súa tramitación ante o Pleno ou a Comisión competente en función da importancia dos temas obxecto da proposición.

2.- Publicada a proposición non de lei poderán presentar emendas os grupos parlamentarios ata seis horas antes do comezo da sesión na que se deba de debater.

3.- Para a inclusión das proposicións non de lei na orde do día do Pleno haberá que aterse ao disposto respecto das interpelacións, no apartado 2 do artigo 149 deste Regulamento.

Artigo 162

1.- A proposición non de lei será obxecto de debate, no que poderá intervir, tras o grupo parlamentario autor daquela, un representante de cada un dos grupos parlamentarios que presentasen emendas e, a seguir, daqueles que non o fixesen. Unha vez concluídas estas intervencións, a proposición, coas emendas aceptadas polo propoñente daquela, será sometida a votación.

2.- O presidente da Comisión ou da Cámara poderá acumular, para efectos de debate, as proposicións non de lei relativas a un mesmo tema ou a temas conexos entre si.

Título XII
Procedementos lexislativos especiais

Artigo 163

1.- A elaboración de proposicións de lei que se vaian presentar ante a Mesa do Congreso dos Deputados e mais a solicitude ao Goberno do Estado da adopción dos proxectos de lei a que se refire o apartado f) do artigo 10.1 do Estatuto de autonomía de Galicia faranse de acordo co que prevé este Regulamento para o procedemento lexislativo ordinario.

2.- As proposicións e os proxectos de lei a que se refire o apartado anterior deberán ser aprobados, en derradeira votación, polo Pleno do Parlamento de Galicia, por maioría absoluta.

3.- Para a designación dos deputados que teñan que defender as proposicións de lei no Congreso dos Deputados, segundo o que prevé o artigo 10.1, apartado f), do Estatuto de autonomía de Galicia, cada deputado escribirá un nome na papeleta correspondente. Resultarán elixidos, ata un máximo de tres, no número que previamente fixará o Pleno por maioría absoluta, os deputados que obteñan máis votos. Se cumprir, a votación repetirase entre os que obtivesen maior número de votos.

Título XIII
Dos recursos de inconstitucionalidade e dos conflitos de competencia

Artigo 164

1.- De acordo co que establece o artigo 10, apartado 1.g), do Estatuto de autonomía de Galicia, chegado o caso, o Pleno do Parlamento, en convocatoria específica, adoptará por maioría absoluta os acordos seguintes:

1.º Interpoñer o recurso de inconstitucionalidade a que se refire o apartado 1.a) do artigo 161 da Constitución.

2.º Comparecer nos conflitos de competencias a que fai referencia o apartado c) do n.º 1 do artigo 161 da Constitución e designar o deputado ou os deputados que representarán ao Parlamento de Galicia.

3.º Determinar que sexa a Xunta de Galicia a que compareza nos conflitos a que se refire o punto anterior.

2.- No suposto previsto no punto 3.º deste artigo, terán que especificarse con claridade os preceptos da disposición, ou os puntos da resolución ou do acto en vicio de incompetencia, así como as disposicións legais constitucionais das que resulte o vicio.

Título XIV
Da designación dos senadores e do nomeamento do defensor do pobo

Artigo 165

1.- O Pleno do Parlamento, en convocatoria específica, designará os senadores que representarán á Comunidade Autónoma galega no Senado, de acordo co artigo 10.1.c) do Estatuto de autonomía de Galicia.

2.- A Mesa, de acordo coa Xunta de Portavoces, fixará o número de senadores que lle corresponden proporcionalmente a cada grupo parlamentario.

3.- O presidente do Parlamento fixará o prazo no que os representantes dos diferentes grupos parlamentarios deberán de propoñer os seus candidatos. Rematado este termo, o presidente fará públicas as resolucións correspondentes e convocará o Pleno do Parlamento para que as ratifique.

4.- Se cumprir substituír a algúns dos senadores a que se refiren os apartados 1 e 3 deste artigo, o substituto será proposto polo mesmo grupo parlamentario que o propuxese.

Artigo 166

O defensor do pobo será designado polo Pleno do Parlamento de Galicia, de acordo co procedemento que estableza a lei de Galicia a que se refire o artigo 14 do Estatuto de autonomía de Galicia.

Disposición transitoria primeira

1.- Se transcorreren dous meses a partir da primeira votación de investidura e ningún candidato proposto obtivese a confianza do Parlamento, aplicaranse as leis e disposicións do Estado conforme o disposto na disposición transitoria terceira do Estatuto de autonomía de Galicia, en tanto non se aprobase a lei prevista no apartado 4 do artigo 14 do devandito Estatuto.

2.- En tanto non se diten as leis a que fai referencia o artigo 137 do presente Regulamento, a responsabilidade política da Xunta, do seu presidente e de cada un dos conselleiros esixirase conforme o previsto no Estatuto de Galicia e neste Regulamento.

Disposición transitoria segunda

Os deputados prestarán o xuramento ou a promesa de acatar a Constitución e o Estatuto de Galicia na sesión plenaria seguinte á de aprobación deste Regulamento.

Disposición transitoria terceira

As comisións ás que se refire o artigo 45 deste Regulamento constituiranse dentro dos dez días seguintes ao da súa entrada en vigor.

Disposición derradeira primeira

A presente reforma do Regulamento entrará en vigor o día da súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*. Tamén se publicará no *Diario Oficial de Galicia*.

Disposición derradeira segunda

A reforma do presente Regulamento tramitarase polo procedemento establecido para as proposicións de lei de iniciativa do Parlamento. A súa aprobación requirirá unha derradeira votación de totalidade por maioría absoluta.

Disposición derradeira terceira

Unha vez aprobadas as leis referidas no artigo 128 do presente Regulamento, e concordantes do Estatuto de autonomía de Galicia e mais as relativas a outras institucións, a Comisión de Regulamento axeitará este mediante o procedemento previsto na disposición derradeira segunda.

Disposición derradeira cuarta

Os dereitos, deberes, situacións, funcións e competencias dos funcionarios ao servizo do Parlamento de Galicia serán determinados polo Estatuto de persoal do Parlamento de Galicia.

O Parlamento, a través da Mesa, poderá contratar, con carácter temporal, o servizo de expertos sempre que o requira o traballo das comisións, logo de acordo da Mesa destas e por proposta do seu presidente.

Disposición derradeira quinta

A Mesa do Parlamento habilitará os sistemas tecnolóxicos e técnicos adecuados para garantir a participación nos debates e nas votacións non presenciais previstos neste

Regulamento e adoptará as disposicións e as medidas necesarias para a posta en práctica deste procedemento e dos métodos de verificación persoal.

Disposición derrogatoria

Coa aprobación e entrada en vigor do presente Regulamento quedan derrogadas todas as normas de carácter regulamentario aprobadas polo Parlamento de Galicia.

Santiago de Compostela, 22 de xullo de 1993

Victorino Núñez Rodríguez
Presidente

Índice analítico

Índice analítico

A

ABSENTISMO 101.1.1.º

ABSTENCIÓN 89.1/90

ACCESO Á CONDICIÓN PLENA DE DEPUTADO 8.1/66.2/69/70/108/109.2

ACCESO ÁS SESIÓNS
ACTA
— Do Pleno 33/71
— Da Mesa 33/34
— Da Xunta de Portavoces 33
— Das comisións 71
— Das sesións secretas 64.2
— Publicidade (da acta) 71.2
— Aprobación (da acta) 71.2
— Supervisión e autorización (da acta) 33

ADMINISTRACIÓN ELECTORAL 7.1.1.º

ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS

— Facultade dos deputados para solicitaren informes ou documentos 9
— Facultade das comisións de solicitaren información e documentación 44.1/anexo 3

ALUSIÓNS 76

AMPLIACIÓN DE PRAZOS
VID. PRAZOS

APERTURA DA SESIÓN 74/75

APROBACIÓN
— Por asentimento 87/88
— En votación ordinaria 87/89
— En votación pública por chamamento 87/90/92
— En votación secreta 87/91/92
— Do texto redactado en Comisión tras o envío do Pleno 121

ASESORAMENTO

— Da Mesa 34/62.1
— Polo oficial maior dos órganos da Cámara 62
— Das comisións 44.1.3.º/d.d.4.ª
— Prestado polos servizos do Parlamento 60/62

ASENTIMENTO 87.1/88

ASENTO
— Dos deputados no salón de sesións 54.1
— Especial dos membros da Xunta 54.2
— Asignación dos escanos aos GGPP 39

ASIGNACIÓN ECONÓMICA
— Dos deputados 10.1 e 2
— Privación como sanción 101
— Fixación da contía pola Mesa 10.3/27

ASINAMENTO
— Das actas 71.2
— Dos ditames das comisións 118
— Dos escritos de constitución dos grupos 23
VID. SINATURA

ASISTENCIA
— Dos deputados ás sesións do Pleno e das comisións 8/12
— Dos membros do Goberno con voz ás comisións 40.3

— Dos representantes dos medios de comunicación social ás sesións do Pleno 69
— Dos representantes dos medios de comunicación social ás sesións das comisións 70.1

AUMENTO DE GASTOS
— Proposicións de lei que o comporten 123
— Emendas a proxectos de lei que o comporten 113
— Emendas ao Proxecto de lei de orzamentos que o supoñan 129.3

AUTORIDADES
— Solicitude de información e documentación polas comisións ás do Estado 44/anexo 3
— Posibilidade de comparecer asistindo aos membros da Xunta das autoridades das consellarías nas sesións informativas da Xunta 143.3
— Posibilidade dos directores e subdirectores xerais de contestar preguntas orais en Comisión 156.2

AXUDAS DE CUSTO
— Dos deputados 10.2

B

BANCO ESPECIAL XUNTA 54.2

BIBLIOTECA 61

BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA 65

C

CARGOS PÚBLICOS

— Obriga dos deputados a declaralos 7.1.2.º

CERTIFICACIÓNS 33

CESAMENTO
VID. RENUNCIA

CHAMADA Á CUESTIÓN 104

CHAMADA Á ORDE 105/106

CLASES PASIVAS
— Dereito dos deputados a que o Parlamento pague as súas cotas 11.3

COALICIÓN ELECTORAL
— Imposibilidade de constituír GP separado polos deputados pertencentes a unha mesma coalición electoral 22.2/26.3

COMISIÓNS

ACTAS 71

ASISTENCIA
— Dos deputados que non son membros delas 8.1
— Dos membros da Xunta 40.3
— Dos representantes dos medios de comunicación social 70.1

CLASES
— Permanentes lexislativas 45.1/49.1/d.t.3.ª
— Permanentes non lexislativas 45.2/49.1
Estatuto dos Deputados 45.2.2.º/47
Peticións 45.2.3.º/48
Regulamento 45.2.1.º/46
— De lexislatura 49

— Non permanentes 50
— Especiais 50/51
— De investigación 50/52
— Conxuntas 51

COMPETENCIAS 43.1

CONSTITUCIÓN
— En sesión plenaria 42.2
— En ponencias 111.5

CONVOCATORIA (*) 42.1

DEBATES 74-82/116-117

FACULTADES
— Pedir informacións ao Goberno 44.1/anexo 3
— Requirir a presenza de autoridades, funcionarios e particulares 44.1/anexo 3

MEMBROS
— Dereito dos deputados a figurar nunha delas 8.2
— Dereito dos deputados a asistir ás súas sesións 8.1
— Dereito dos membros do Goberno a asistir con voz a elas 40.3
— Dereito dos GGPP a contar cun representante en cada unha delas 40.1

MESA DAS COMISIÓNS 41/50

ORDE DO DÍA
— Fixación 72.2/anexo 7
— Alteración (*) 73.2

PRAZOS
— Prazo para a emisión informe Ponencia 115
— Prazo para a tramitación asuntos en Comisión 43.3

SESIÓNS
— Días hábiles 43.4/68
— En días non hábiles (*) 68.2.1.º
— Publicidade 70.1
— Sesións informativas do Goberno (*) 143-144
— Sesións secretas (*) 70.2 e 3

TRÁMITE EN COMISIÓN DE:
— Proxectos de lei 43.1/115-118
— Proposicións de lei 43.1/123.4
— Preguntas 156
Proposicións non de lei 43.1/160-162
— Comunicacións do Goberno 140-141
Informacións do Goberno 143-144/anexo 3
— Dos proxectos e proposicións de lei con competencia lexislativa plena 132-133
— Dos proxectos de lei en lectura única 134
— Dos programas e plans remitidos pola Xunta 142

VOTACIÓNS
— Normas xerais 83-94
— Empates 93.2
— Voto ponderado 50/93.2
— Votos particulares nas cs. investigación 52
— Votación secreta ou pública por chamamento (*) 92.1

(*) 1/5 membros Comisión

CÓMPUTO PRAZOS
VID. PRAZOS

CÓMPUTO VOTACIÓNS
VID. VOTACIÓNS

COMUNICACIÓNS
AO GOBERNO

— Da presentación dunha moción de censura 138.2
— Dos resultados dunha Comisión de investigación 52.5

AO PRESIDENTE DO PARLAMENTO
— Da substitución dos deputados dun grupo adscritos a unha Comisión 40.2

AO PRESIDENTE DUNHA COMISIÓN
— Da substitución dos membros dun grupo para unha soa sesión 40.2

Á MESA DO PARLAMENTO
— Da denominación, membros e portavoz dun GP 23

COMUNICACIÓNS DA XUNTA
— Envío pola Xunta 140.1
— Debate comunicación 140.1
— Presentación propostas de resolución 141.1
— Debate propostas de resolución 141.3
— Votación propostas de resolución 141.3

CONFLITOS DE COMPETENCIA 164

CONFORMIDADE DA XUNTA
— Ás emendas que comporten aumento de créditos ou mingua dos ingresos 113
— Ás proposicións de lei que comporten aumento de crédito ou diminución dos ingresos 123

CONSELLEIROS
— Asistencia ás sesións do Pleno 54.2
— Asistencia ás sesións das comisións 40.3/44.1.2.º
— Banco especial 54.2
— Dereito a intervir nos debates 75.5
— Responsabilidade política 137/d.t.1.ª

— Sesións informativas 143/anexo 3
— Votación deles 90
VID. GOBERNO

CONSTITUCIÓN DO PARLAMENTO 2/5
VID. QUÓRUM

CONSTITUCIÓN ESPAÑOLA 164.1.1.º, 2.º/16.1
— Xuramento 7.3.º/d.t.2.ª
— Iniciativa lexislativa 110,4.º

CONTROL DELEGACIÓN LEXISLATIVA
VID. DELEGACIÓN LEXISLATIVA

CONVOCATORIA
— Da Mesa 34
— Da Xunta de Portavoces 38.1
— Do Pleno 53
— Das comisións 42.1
— Da Deputación Permanente 56.4

CORTES XERAIS
— Publicación no BOPG das súas disposicións 65
— Proposicións de lei para presentar no Congreso 163
—Senadores en representación da Cde. Autónoma 165
— Reforma do Estatuto 128.2
— Remisión peticións 48.2.3.º

CREDENCIAL 7.1.1.º

CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS 55.1.5.º

CUESTIÓN DE CONFIANZA 139

CUESTIÓN DE ORDE 77

D

DEBATES

NORMAS XERAIS 74-82
— Requisitos para o comezo dos debates 74
— Facultades do presidente para ordenalos 78.2
— Intervención dos membros da Mesa 82
— Intervención dos membros da Xunta 75.5

DEBATES DE TOTALIDADE 79.2/114/115

NORMAS ESPECÍFICAS
— No Pleno 74-82
— Nas comisións 40.2/116/117
— No procedemento lexislativo no Pleno 114/120/123.3/115
— No procedemento lexislativo en Comisión 116/117
— Nas preguntas en Pleno 155
— Nas preguntas en Comisión 156
— Nas interpelacións 150/anexo1
— Nas mocións 151.3
— Nas proposicións non de lei 162.1
— No Proxecto de lei de orzamentos 130
— Na investidura 136
— Na moción de censura 138
— Na cuestión de confianza 139.3-136
— Nas comunicacións da Xunta 140
— Nos programas e plans remitidos pola Xunta 142
— Nas sesións informativas 143/144
VID. USO DA PALABRA

DECLARACIÓN DE URXENCIA
— Iniciativa para solicitala 98.1
— Acordo da Mesa 98.1
— Prazos procedemento de urxencia 99/96.1

DECLARACIÓN NOTARIAL
— Dos bens e actividades remuneradas dos deputados 15.1

DELEGACIÓN LEXISLATIVA
— Normas xerais 145/146
— Control pola Deputación Permanente 55.1.2.º

DELITOS
— Conclusións das comisións de investigación que supoñan delitos 52.5
— Dos deputados 103.3
— Como consecuencia de desorde 109

DEPUTACIÓN PERMANENTE
— Composición 56
— Presidencia 56.1
— Mesa 56.3
— Nomeamento dos seus membros 56.2
— Funcións 55
— Convocatoria 56.4
— Sesións 58/64.1
— Dación de conta dos acordos da Deputación Permanente 57/59
— Petición sesións extraordinarias 67.2

DEPUTADOS

ACREDITACIÓN, DATOS PERSOAIS E ESTATUTO
— Efectos acreditación 7
— Cargos públicos desempeñados 7.1.2.º/16.3
— Exame de compatibilidade 7.2.º/16.1/16.2

— Profesión 7.1.2.º/15.1/14
— Inmunidade 18/19
— Detención 19
— Inviolabilidade 17
— Delito 103.3
— Perda condición deputado 21

DEBERES
— Asistencia ás sesións 12
— Declaración bens e actividades remuneradas 15/7.1.2.º/anexo 14
— Declaración datos profesión e cargos públicos 7.1.2.º/anexo 14
— Comunicación da súa adhesión a un GP 23.3
— Axeitar a súa conduta ao Regulamento 13

DEREITOS
— Asistencia ás sesións 8.1
— Asistencia ás comisións 8.1
— Percibir asignación 10.1
— Percibir axudas de custo e indemnizacións 10.2
— Aboamento cotizacións Seguridade Social 11.1 e 2
— Aboamento cotización mutualidades e clases pasivas 11.1
— Ser adscrito a unha Comisión 8.2
— Incorporación a un GP 23.2
— Integración no GP Mixto 24/25
— Uso dos idiomas castelán e galego 1.2
— Solicitar informes das admóns. públicas 9.1

SANCIÓNS
— Suspensión temporal 20/103
— Privación dereitos regulamentarios 101
— Expulsión do salón de sesións 102/103.1.3.º
— Prohibición asistir a unha ou dúas sesións 102
— Perda dunha parte da súa asignación 101.2

FACULTADES E ACTIVIDADES
— Solicitude convocatoria Xunta de Portavoces (*) 38.1

— Solicitude ao presidente convocatoria Pleno (*)	53
— Solicitude celebración sesión secreta en Pleno (*)	69.3.º
— Petición alteración orde do día Pleno (*)	73.1
— Substitución deputados membros dunha Comisión	40.2
— Proposta creación Comisión investigación (*)	52.1
— Petición creación Comisión non permanente (*)	51
— Uso da palabra por alusións	76
— Cesión da palabra a deputados no mesmo GP	75.4
— Uso da palabra	75
— Pedir lectura de normas e documentos	77.2
— Pedir observancia do Regulamento	77.1
— Presentación proposición de lei (*)	122.1.º/110.1.º
— Iniciativa reforma Estatuto (*)	128.1/126.2
— Proposta exercicio iniciativa leis desenvolvemento básico do Estatuto (*)	126.2
— Retirada proposicións de lei presentadas	125.2
— Presentación emendas aos proxectos de lei	112/119
— Presentación emendas totalidade aos proxectos de lei	112.3
— Reclamación para o Pleno do debate e votación dos asuntos tramitados en Comisión con competencia lexislativa plena (*)	132.2
— Iniciativa para declaración de urxencia (*)	98.1
— Presentación moción censura (*)	138.1
— Formulación preguntas	152
— Solicitude celebración sesións informativas da Xunta (*)	144.1
— Formulación interpelacións	147
— Votación	84
— Solicitude votación secreta ou pública por chamamento (*)	92

(*) 1/5 DEPUTADOS

<u>DESIGNACIÓN</u>

— Dos deputados para defensa das proposicións de lei no Congreso	163.3

— Dos senadores 165
— Do defensor do pobo 166

DESORDE
— No recinto parlamentario 108
— No salón de sesións 109

DETENCIÓN
— Dun deputado 19

DEVOLUCIÓN Á COMISIÓN
— Dun texto de desenvolvemento básico do Estatuto que non obteña no Pleno maioría absoluta 127
— Dun texto alternativo como resultado da aprobación dunha emenda á totalidade dun proxecto de lei 114.5
— Dun proxecto de lei aceptado no Pleno ao se rexeitaren as emendas de devolución 115
— Dunha proposición de lei tomada en consideración 123.4
— Dun texto aprobado polo Pleno, para efectuar unha redacción harmónica 121

DIARIO DE SESIÓNS
— Contido 64.1
— Idioma 1.3
— Facultade do presidente para ordenar que non consten nel palabras ou conceptos ofensivos ao decoro da Cámara ou dos seus membros 106.3

DÍAS HÁBILES
— Para celebración de sesións 68.1
— Acordo para celebrar sesións en días non hábiles 68.2
— Para cómputo de prazos 95
— Para presentación de documentos 97
— Para cumprir os trámites que posibiliten a celebración de sesións extraordinarias 95.2
DISCIPLINA PARLAMENTARIA 100-109

DISCURSOS
— Pronunciaranse persoalmente e de viva voz 75.2

DITAMES
— Formulación polas comisións 118
— Requisitos formais 118
— Prazo 115
— Entrega ao presidente do Parlamento 118
— Publicación no BOPG 65
— Ditame das comisións de investigación 52.4

DOCUMENTOS
VID. ESCRITOS

E

ELECCIÓN
DE PERSOAS 91.1.2.º

DA MESA DO PARLAMENTO
— Do presidente 36.1
— Dos vicepresidentes 36.2
— Do secretario 36.2
— Do vicesecretario 36.2
— Para cobertura das vacantes 37
— Nova elección da Mesa como consecuencia do cambio de titularidade do 10 % dos escanos 35.2

DA MESA DAS COMISIÓNS 41/50

ELECCIÓNS AO PARLAMENTO 2.1/59

EMPATES
— Na elección da Mesa 36.3
— Nas votacións no Pleno 93.1

— Nas votacións en comisións 93.2

EMENDANTES
— Uso da palabra nas comisións no debate dos proxectos de lei 116.1

EMENDAS
CLASES
— Totalidade 112.3
De devolución 112.3
Con texto alternativo 112.3
— Ao articulado 112.2, 4 e 5
— Transaccionais e para reparar erros e incorreccións 116.3/120.3
— Aos proxectos de lei 112/113
— Ao Proxecto de lei de orzamentos 129
— Ás proposicións de lei 123.4
— Ás proposicións non de lei 161/162
— A unha moción 151.2/161/162/anexo 4

DEBATE DAS EMENDAS
— Orde discusión 120.2.1.º

PRESENTACIÓN
— Prazo presentación 112.1/123.4
— Requisitos fondo e forma 112

PUBLICACIÓN 65

RETIRADA 120.3

EMENDAS NON INCORPORADAS AO DITAME DA COMISIÓN E MANTIDAS PARA O PLENO 119

EMENDAS QUE SUPOÑAN AUMENTO GASTOS OU MINGUA INGRESOS 113/129.3 e 4

ENQUISA

VID. INVESTIGACIÓN

ENTES PÚBLICOS
— Orzamentos dos entes públicos da Xunta 131

ENTRADA EN VIGOR
— Do Regulamento do Parlamento d.d.1.ª

ESCANOS
— Asignación aos GGPP 39
— Uso da palabra desde el 75.2
VID. ASENTO

ESCRITOS
— Presentación no Rexistro 97
— Cualificación e tramitación pola Mesa 30.5

ESTATUTO DE GALICIA
— Promesa ou xuramento 7.3.º/d.t.2.ª
— Inmunidade dos deputados 18
— Funcións conferidas ao presidente 31
— Maiorías especiais que establece 84
